



Construción dun espazo universitario galego-portugués

Por: Rubén C. Lois

Páxina 8



Parada de Sil, municipio turístico

No corazón da Ribeira Sacra

Páxina 15

Nenas ponteareás premiadas

Paula Ramos e Cristina Míguez

Páxina 18



O Corpus de Ponteareas cada vez máis internacional



■ Membros do III Congreso Internacional de Arte Efémoro, celebrado en Ponteareas en 2010, na súa visita a Santiago.

Foto: Hernández



O colexio Inmaculada de Ponteareas premiado

Páxina 10

Tres fabricantes de gaitas galardoados co "premio Cumbres do Suido"

Páxina 11

O Xuiz Claudio Movilla xa ten praca no seu Concello

Páxina 16

Fé de erratas

Na pasada edición dixemos no titular que se conmemoraba a construción da Ponte entre Salvaterra e Melgaço, cando deberíamos ter dito entre Salvaterra e Monção. Pedimos desculpas aos nosos amigos monsanenses.

Bica Amantecada
*
Viños da Ribeira Sacra:
Valdeorras. Albariños. Godello
*
Mel Marrón Glacé
*
Viaños
*
Productos do Bierzo

Tenda
Adega do
GRILO
sabor a ribeira sacra
PRAZA DO PRADO 1
T. 986 20 30 34
CASTRO CALDELAS



Opinión

Por: Nicolás Xamardo González



A cegueira do PP de Álava

Os prognósticos que facíamos no artigo “O PP de Álava”, analizando as aparentes dúas caras da mesma estratexia desta formación ante as inminentes eleccións municipais e forais, estanse a ver verificados polos feitos.

A esta altura da campaña, repasemos as últimas actuacións do alcalde do PP de Vitoria-Gasteiz, Javier Maroto, contra os inmigrantes que, supostamente e de maneira fraudulenta, estarían a cobrar a chamada Renta de Garantía de Ingresos (RGI).

O pasado día 17 de abril, a “Plataforma Ayudas más Jus-

tas”, promovida e liderada polo alcalde, entregou no Parlamento Vasco 41.208 firmas apoiando a iniciativa de endurecer os requisitos para acceder á RGI. O alcalde, por una banda, rexeitou mesturar os apoios recibidos con posibles interpretacións electorais, se ben pediu un “respaldo forte nas próximas eleccións” para levar adiante a iniciativa. Lembremos que o voceiro inicial da plataforma, Patxi Gómez, tivo que dimitir ao coñecerse que estaba a ser investigado por cobros indebidos do

paro e impagos á Seguridade Social.

Pola súa banda, Javier de Andrés, Deputado Xeral de Álava, centraba, os seus ataques nos nacionalistas vascos (PNV/EH-Bildu) aos que acusaba de querer borrar a identidade de Araba coa súa política de promoción do euskera.

Na mesma data, “casualmente”, o deputado xeral, afinou a súa estratexia contra o euskera, concentrando o seu discurso en reclamar que a competencia da lingua pase a Álava para que

este territorio, o menos euskaldún, puidese dar un tratamento específico no acceso aos empregos públicos dos alaveses que, segundo De Andrés, estarían discriminados pola causa da lingua vasca. O nerviosismo dos peberos levou a este sr. a chamar “morralla” a esquerda abertzale. Neste contexto, é visíbel o nerviosismo do PP de Álava que teme perder o goberno municipal e foral que case con total seguridade pasará a mans nacionalistas. E ese medo é o que está detrás dun proxecto xenófobo, antieuskaldún e

español, que ataca á integración e á convivencia en Araba

Tanto o Alcalde coma o Deputado Xeral deberían sentir vergoña por descoñecer a lingua vasca, idioma cooficial xunto co castelán; algo que si coñecen moitos dos chegados doutras partes do Estado español, así como os seus fillos e fillas.

En fin, o que lle pasa aos peberos é que aínda non se decataron, de verdade, de que a Vitoria-Gasteiz e a Araba que pretenden resucitar é xa cousa do pasado.

Desde o rural

A desatención do mundo rural supón a morte e o suicidio colectivo nunha realidade que se chama Galiza. Acesas están as luces dos indicadores vermellos, estamos na perda das nosas esenciais vitais. Vén de lonxe esta maldición que nos pesa, dunha mala xestión e organización do país. Unha falta de afecto ao noso, de previsión que supón tamén unha falta de esixencia aos que din conducir os nosos posibles. Non é ser egoísta, non, é requirir un pouco de respecto polo noso, por ser quen somos e exercer o tanto que temos! Non tivemos políticos, xestores nin técnicos capaces para programar a nosa autosuficiencia, as nosas capacidades, o noso desenvolvemento, a nosa economía e o noso progreso. Agora pagámolas xuntas, envellecidos e sen que medren as taxas de natalidade que axilicen a nosa recuperación consciente. Parroquias enteiras abandonadas, casas pechadas e arruinadas, a xente nova no paro e sen un posto de traballo, mentres os poucos que hai, carecen da dignidade que deberan. Empezamos a non ter presente e sabemos que nos roubaron o futuro, hipotecados por culpa dos que marcharon a paraísos fiscais e nos sumiron na miseria, cos escándalos de fraude e roubo, nunha sociedade fracasada e arruinada. Mesmo temos leis e decretos inxustos, negocios sucios que se amparan na droga e no contrabando, no trapicheo e falsificación, corrupción social directamente herdada de políticos que axudan a desestabilizar a convivencia, milleiros de traballadores en paro mentres a xustiza non ve e non intervé, falta de ganas e de medios, mani-

pulando a única esperanza que tiñamos, organismos que solapan informacións, que entorpecen investigacións, ...non hai prazas nos cárceres para tanto delito! Eles mesmos -os que din que gobernan- son a contaminación mesma. E no rural aínda peor, pois agravaron o problema do sector lácteo galego manipulando xa desde os ministerios e consellerías, co apoio ás lácteas privadas e aos grandes do sector, espoliando e destrozando aos gandeiros. Agora autorizan e véñennos envelenar con “lodos” empezoñados de depuradoras putrefactas. Contaminarán terras e augas, a nós mesmos cos seus moitos metais pesados. E por se fora pouco, chegan normas da Comisión Europea que, en combinación cos E.U.A, acordan permitir ás multinacionais imponer as súas decisións mediante acordos trasatlánticos de comercio e investimento, alá van a saúde e os servizos públicos. Serán os novos amos. Levan as negociacións moi secretas, todo o poder danllo ás grandes empresas internacionais, por riba mesmo dos gobernos. Os cidadáns teremos que roer o que nos impoñan e ver como os mercados rexeitan os nosos produtos, provocando máis pobreza, máis abandono de pequenas e medianas explotacións e empresas. Toda unha ruína, un deserto! Este desprezo do rural, da agricultura sostible e da gandería eficaz e digna, da paisaxe física e humana, supón a aceptación da peor derrota, a resignación insuperable do suicidio. Na pesca a cousa tamén vai moi mal. Hai que reverter estes datos, frear esta tendencia mortal sen afogar na desidia. Cómpre reaccionar, xuntos, contra os que propugnan tanta miseria e desespero. O noso voto tamén pode ser unha sentenza!



Baldomero Iglesias Dobbarrio

Mero

A ikastola Toki Eder

Fai agora 35 anos, un grupo de nais e pais (de diversa procedencia, ideoloxía e formación), que desexaban para os seus fillos e fillas unha educación en euskera nun centro público, xuntáronse en Vitoria-Gasteiz. Naquel tempo, en Álava, considerada zona non euskaldún, só existía a posibilidade de estudar no modelo A (todo o ensino en castelán e o euskera como materia de estudio) ou no modelo B (en castelán, lectura, escritura, matemáticas e, en euskera, as áreas de experiencia, plástica, dinámica). Nos queríamos que estudasen todo en euskera (excepto a lingua e literatura casteláns). Oficialmente chamábanlle Modelo D.

Como esa opción era ilegal, decidimos, de modo asembleario, loitar para mudar unha lei que nos parecía inxusta e discriminatoria. Tras incontábeis marchas, encerramentos e protestas diante do Pazo Foral, decidimos un peche no Museo de Armas (a prensa chamouno “o encerro dos cen días”). Alí comezamos, con xente voluntaria, a dar clase a@s nos@s fill@s para que non perdesen o curso. Cando as autoridades foron conscientes da nosa determinación, o Deputado Xeral, Emilio Gue-



vara, do PNV, negociou unha saída que supuxo o fin da zonificación de Álava dende o punto de vista lingüístico. Construíronse catro centros (ikastolas) públicos para zonificar a capital. Inicialmente, do modelo B e hoxe do D. A nosa, Toki Eder, foi o primeiro e, durante anos, único centro público de ensino en euskera en todo Alava. A nos non nos gustaba falar de modelos. Alí, pais e nais e xentes solidarias colaboraban c@s ensinantes en todo tipo de actividades integramente en euskera (deporte, danza, música, saídas ao monte, xogos de todo tipo, campamentos de verán, estadias de 15 días en casas de persoas vasco falantes solidarias co noso proxecto, etc.) para reforzar a lingua e a identidade. Pais e nais, para dar exemplo, estudaban euskera tamén na ikastola. Moitos deles falamos hoxe a lingua vasca.

O resultado foi que, en moi pouco tempo, @s nos@s fill@s falaban entre el@s sempre en euskera, algo que tiña abraiados a mestres, a políticos e a pais e nais, inicialmente escépticos, cando non abertamente contrarios.

35 anos despois, a realidade do ensino do euskera en Álava e en Vitoria-Gasteiz (aínda con moitos problemas sen resolver) é a seguinte: o modelo A, antes maioritario, é hoxe claramente minoritario (2,6% da demanda). O modelo B (19%). O modelo D (80%). Seguramente a loita de Toki Eder está na orixe de tal situación.

En fin, fai uns meses @s nos@s fill@s fixéronnos unha homenaxe, que resume así unha daquelas nenas, hoxe xa nai: “Queremos agradecerlles o traballo que fixeron, porque lograron que tivéssemos unha educación en euskera nunha época difícil. Gracias a el@s somos euskaldúns.”

Por: Guillermo Rodríguez

Director de Novas do Eixo Atlántico

Quen manexa a nosa barca

Cada día e a cada momento que nos dispoñemos a ler un xornal ou ver como nos atontece un chisco máis esas cousas ruidosas cun extraño atractivo que todos temos na casa. Ata entra nos nosos dormitorios e non se mete na cama connosco, de momento, alá chegaremos...

A tele, o resultado máis acaído para dominar as nosas vidas. Chegamos a tal grao de dependencia deste pequeno aparato que se alguén nos vén a contar calquera sorte de suceso, automaticamente respondemos: “que raro, na tele non vin nada!!”

A nosa vida, as nosas necesidades, aínda espirituais, están marcadas ao ritmo que decida a tele. Si, si señores e señoras. Sufrimos “gustosamente” o que se vén en chamar a medio-patía; ou sexa, dependencia dos medios; aquí podemos incluír tamén aos xornais e revistas pero como cada vez os cidadáns

apenas lemos, todo se vai centrando no televisor. Entre este “señor” e as redes sociais de Internet está todo o noso mundo concentrado. Como é posible que nestes momentos todos, intelectuais e xente do común, que diría o Beiras, están dispostos a sacrificios inimaxinables con tal de dispoñer duns minutos de televisión?

Tempos atrás a sociedade podía coñecer as discusións filosóficas que existían entre os homes e mulleres que conformaban ese “mundo intelectual-loide” que sempre, dende Aristóteles ou Platón, existiu en cada País. Hoxe todo se resolve cunha entrevista na tele. Hai verdadeiras disputas entre as formacións políticas para poñerse de acordo de canto tempo de pantalla lle co-

rresponde a cada quen. Unha lei determina que a opción política que non obtivera representación nas eleccións anteriores non ten dereito a nada. A tele é unha arma poderosísima que todos queren manexar. Un debate na tele pode, perfectamente, inclinar a báscula dos votantes para un lado ou para outro. A realidade existe se está reflectida na tele, senón existen dúbidas de que algo sexa verdade. Non só nos informa do que pasa senón que, dalgún xeito, crea unha realidade paralela. Os cidadáns non teñen apuro en parecer idiotas antes de que alguén descubra que non ven a tele durante un tempo apreciable todos os días. Podemos conseguir a confesión de persoas que durante a súa vida teñan

lido media ducia de libros, pero sería iluso buscar alguén que non vexa a tele todos os días durante horas, nunha grande maioría de casos. Actualmente púxose de moda o termo “politainment” (política do entretemento), a teatrocacia ou democracia da audiencia.

Estamos en plena campaña electoral; no mapa político atopámonos con novas ofertas, que chaman partidos emerxentes, que foron e son alimentados pola pequena pantalla. No caso de Podemos fálese de que é froito dun estudio meticuloso da utilización dos medios de comunicación, sobre todo da televisión. A chamada TIERKA de Madrid é un canal no que o actual líder, Pablo Iglesias, se deu a coñecer ao mundo político e social. No caso de Ciudadáns, non tan descarado aínda que gracias á tele entrou en todos os fogares do Estado Español e parte do estranxeiro. Din que lle disputa o espazo electoral do PP. Que barbaridade é esa? Unpartido que sae ao campo político dende Cataluña, onde apenas dispuña dunha pequena porcentaxe de seguidores, chántase nos nosos televisores e xornais e din ameaza ao partido maioritario e que nestes momentos goberna esta pel de touro chamada España? Incrible pero certo. Din os politólogos, os consumidores de televisión, que vivimos momentos de cambios inexorables. Que está pasando algo parecido a unha final de etapa histórica e comezo dun novo mundo. Aínda non lle puxeron nome pero todo se andará. Este novo mundo presenta dúas caras: unha representada por pequenos grupos de intelectuais empeñados en convencernos de que estamos sendo laminados polo grande capital, polo diñeiro. Outro que, sabéndose dono e controlador de televisores e do mundo mediático, ofrécenos constantemente pequenas, ás veces xa non

tan pequenas, doses de pí-lulas en forma de mensaxes subliminais, para convencernos de que non é posible outro mundo; que a sociedade actual soamente admite pequenos cambios, pequenas mans de pintura que a fagan máis atractiva, pero nada de modificar o seu estatus actual. A este mundo custoulle moito facerse coas ferramentas axeitadas para ternos controlados como para que agora veñan uns “agoireiros” a arruinarlles a festa. Nada de nada. Ou nós, din os políticos, ou o diluvio, como deixou dito aquel egocentrista rei Luis XV, fillo do rei Sol.

A realidade, mediática, a da tele, é unha; a realidade auténtica, a que viven e sofren millóns de españois é outra. A primeira anúncialles o remate da crise, o principio da recuperación económica, que xa se ven os brotes verdes que Zapatero non foi quen de nos ensinar. A outra realidade, a auténtica realidade é a que viven cada mañá millóns de seres humanos, de españois que se erguen das suas camas, os que teñen camas, claro, porque hai moitos miles que o seu amañecer se produce debaixo dunha ponte na que teñen vellos xornais como xergóns de durmir, é outra. Unha dilles nos televisores e nos medios de comunicación que traballan “pro domo sua”, que deben estar tranquilos porque papá Rajoy, papá Guindos, papá Montoro, quéimanse as cellas buscando cun candil o seu ben-estar futuro.

Resulta obvio que o terreo está sementado para que broten homes e mulleres aos que o diñeiro lle resulta algo imprescindible. Somos consumistas impulsivos e temos moitas máis necesidades das que son precisas para ser felices. As grandes empresas empregan todo tipo de técnicas e de mensaxes subliminais que asocian o ben-estar co ben-estar. Ou sexa, o

consumo coa felicidade. A este mundo é ao que nos queren levar dende as altas instancias do goberno. Temos que ser consumidores a tope, pois se reducimos as nosas necesidades e as grandes empresas comprobamos que baixan as vendas dos seus produtos a situación empeora. E aquí están preparados todos os televisores do País e todos os medios de certa influencia para confirmar que iso é verdade. Logo, calquera opción política que pretenda ofertar unha sociedade máis xusta, un mellor reparto dos bens materiais está condenada ao fracaso. Ten que valerse dos medios que outros controlan para facerse escoitar. Pero aí está a man que mece o noso berce para darlles con contagotas pequenos espazos; que non se diga que hai censura ou ditadura no uso dos medios; pero que tampouco se pasen; non vaia ser que os cidadáns acorden deste sono no que foron sumidos e digan que xa está ben de manipular as súas vidas. O vindeiro día 24-M estamos chamados a votar e a botalos. A quen? Cada un de nós terá os seus candidatos; uns para confirmalos como mal menor, outros para xubilalos e perdelos de vista. Soamente precisamos non cometer ningún erro na elección.

Que vostedes os voten-boten ben. Diso dependerá parte do noso futuro inmediato. O resto teremos que dilucidalo cando cheguen as eleccións xerais. Aí será onde nos xogamos a partida definitiva para uns cantos anos futuros. Ou máis do mesmo ou abrir unha fiestra para que entre ar puro; todo o puro que nolo deixen como herdanza.

Que sexan felices!!



Opinión

Cadernos da viaxe

Por: Xoán Antón Pérez-Lema L.



A política do sentido común

A Grande Recesión mancou á sociedade cunha política galega, estatal e europea pensada nos intereses dunha pequena elite financeira, que crebrou bastantes das conquistas do Estado do Benestar, amais de prexudicar aos tecidos empresariais locais, ás clases medias e aos sectores traballadores. Ao tempo, o bipartidismo dinástico (PSOE-PP), apoiado na estrutura institucional da transición, mantiña os privilexios da chamada casta e tentaba agachar as corrupcións varias xeradas polo sistema do 1978. No ámbito dos servizos públicos dos concellos é paradigmático como recentemente se potenciaron as Deputacións, apostando polas grandes empresas multinacionais e estatais no canto da calidade no servizo e das empresas locais. Velaí a resposta das opcións da chamada “Nova Política”, coa fin de encher o baleiro que as forzas dinásticas deixaran. Mais algunhas das súas actuacións decepcionan. Velaí o espectáculo de “Ciudadanos”(C’s) n’A Coruña, Ferrol e Compostela. Nos dous primeiros casos decidiron “dedocráticamente” a súa presentación electoral por intereses alleos ás organizacións galega, coruñesa e ferrolá, nunha medida “in extremis” que tenta blindar a de-

rradeira oportunidade de sair alcaldes dos rexedores da Coruña e Ferrol. No terceiro impuxeron un meritorio candidato, mais pasando por riba da decisión democrática da organización compostelá. O que demostrou que C’s non acredita na autonomía local e na substantialidade das eleccións locais. Albert Rivera só mira polo seu proxecto estatal que moitos ollan, non sen razón, a xeito da lista branca do PP.

Canto ás novas alternativas cidadás, fronte á base cívica, pluralidade e independencia da Marea Atlántica e de Lugo Novo, confronta o espectáculo de división de Ferrol e Vigo e máis o mal perder dos actuais xestores de Ourense en Común, ao desbotar o candidato pertencente a Compromiso por Galicia que gañara lexitimamente as súas primarias.

Ninguén dubida que arrincarmos a corrupción e construímos dende a transparencia e a participación cívica han ser os eixos da nova política. Mais, esta nova política ha ser, tamén, a política do sentido común. Da inclusión maioritaria e do mínimo común denominador. Porque á nosa sociedade abóndalle os profetas e salvadores e cumprelle xente comprometida, prudente e que saiba traballar en equipa.

Captarmos o investimento exterior



Galicia supón moi pouco para o conxunto do Estado, tanto en termos de PIB como en poboación. Quere dicir isto que a nosa forza é a diferenza, a identidade, unha Marca propia. Mellor sermos país de noso ca provincia.

Xa que logo, precisamos un proxecto económico propio. Oportunidades económicas tan nidias como a potenciación dos nosos portos no eixo Panamá-Antuerpe-Rotterdam ou o noso sector enerxético, que foi número un no eólico e que no futuro, se houber ideas claras no Goberno galego, podería facer moito independentizado mentalmente da famsoa teoría do cerebro madeirense que todo o sabe e todo o pensa.

Para alén, temos unha demo-

grafía catastrófica e semella que calquera Goberno que mereza o nome de autónomo ou galego vai tentar revertila. Mais iso non abonda no curto prazo. Compre, xa, xerar emprego de calidade. E isto esixe unha aposta moi potente pola empresa galega. Galicia habería ser o país da Europa no que máis doado fose crear unha empresa, dixemos aquí hai pouco. Maticemos. Sempre no marco da legalidade laboral, fiscal e ambiental. E aí a función dos concellos será fundamental, pondo medios e recursos para o emprendemento local.

Mais nesa batalla do curto prazo, semella imprescindible a captación do investimento exterior. Galicia arestora é anecdótica nesta captación, agás operacións puntuais.

Mais temos diante nosa grandes ferramentas ao noso favor, como nos relata o economista galego Vicente Martín Egaña. “Escolas de enxeñería industrial, civil, naval e de teleco-punteiras, xente nova ben formada, con coñecemento de idiomas e que hai que traer canto antes da emigración, unhas infraestruturas viarias razoábeis”. A estas vantaxes cumpriría engadir-lles a oferta razoábel de solo industrial e as canles variadas (lusofonía, ibeoramericana, europea) de potenciar a Marca-Galicia.

Pero para todo isto compre que o noso Goberno e a nosa sociedade acreditemos en nós propios. E que non nos deixemos ir polo que outros fagan ou-máis be-deixen de facer.

Morreu Juan Ramón Díaz

Ven de morrer Juan Ramón Díaz, Vicepresidente da editora dos xornais El Ideal Gallego, Diarios de Arousa, Bergantiños e Ferrol e do deportivo DXT. Juan Ramón é xa parte da historia do xornalismo ga-



lego. Fica na lembranza a súa capacidade de construír proxectos e de facer equipas. Tamén a súa grande habilidade para radiografar problemas e diagnosticar solucións. Morreu, sen dúbida, un dos grandes.

Por: Carlos Méixome

Odous de novembro de 1823 José Arias Teixeiro foi elixido “por unanimidade de votos” como “Comandante general de los Batallones que componen este cuerpo de realistas...”. Cinco días despois o Tenente coronel Rafael del Riego era aforcado en Madrid. Remataba o trienio liberal, regresaba o absolutismo. O líder absolutista miñorán aínda daría ben voltas ata a súa morte e soterramento en San Pedro da Ramallosa. Esta primeira e exitosa acción de armas do señor de Pías foi posible pola xenerosa axuda dos “miguelistas” portugueses que o protexeron e axudaron a tomar Tui. Non imos ir a tempos tan recuados, só sinalamos o feito para reforzar a tese da permeabilidade política e económica, e escasamente coñecida, da raia galego-portuguesa que sostén Dionisio Pereira no seu último libro: *Emigrantes, exilados e perseguidos. A comunidade portuguesa*



na Galiza (1890-1940), Através Editora, 2013.

Os procesos migratorios teñen marcado a realidade contemporánea de Galiza e de Portugal, dun xeito especial no período de referencia. Da emigración silenciosa portuguesa aos ámbitos rurais do país galego, de emigración económica, da “andoriña” pero tamén da asentada e integrada nas áreas periurbanas, de solidariedades de clase como o iniciático Congreso de Tui de 1901 do que xurdiu a Unión Galaico-Portuguesa, fálanos Pereira. Mais tamén da emigración política, dos exiliados monárquicos, os “paivantes”, e dos exiliados republicanos acollidos na Galiza durante os breves anos da II República, entre eles o Presidente Bernardino Machado, asentado na Guarda ata que a presión do “Estado Novo” afastouno ata A Coruña, ou do que fora xefe do goberno, Afonso Costa, que residiu en Baiona durante unha temporada e acudiu á cea coa que os galeguistas baioneses agasallaron a Castelao e Bóveda despois

Dunha a outra beira

dun mitin en outubro de 1932. Pereira leva tempo dedicándolle atención ao estudo da represión sufrida polas persoas de cidadanía portuguesa durante o período de terror que desencadeou o golpe militar de xullo de 1936. Este traballo é unha sistematización desta preocupación de Pereira que realiza coa mesma paixón e rigor aos que nos ten acos-



tumados nos seus múltiples traballos sobre o anarquismo, o sindicalismo, a represión franquista ou o patrimonio marítimo.

Dionisio Pereira foi un dos impulsores do memorial instalado en Monção en 12/05/2012. Naquel relatorio figuran 56 nomes de vítimas de fusilados tras parodias de consellos de guerra ou “paseados” como resultado de decisións de asasinados convertidos en xuíces divinos. As investigacións de Pereira elevan xa o número “mínimo” a 63. As dificultades para achegar máis precisión son moitas tanto pola castelánización dos apelidos como pola posibilidade de que moitas das persoas catalogadas como “descoñecidos”, e non identificados posteriormente, fosen de nacionalidade portuguesa.

Como actuou o goberno portugués en defensa dos seus cidadáns? “... cumpre dizê-lo com rotundidade: das dúzias de episodios em que quarenta cidadãos de nacionalidade portuguesa foram executados de maneira extrajudicial na Galiza entre finais de

julho de 1936 e 1940, a que deveríamos acrescentar os casos doutros oito connacionais presos e falecidos por maus tratos nas cadeias franquistas, tão-só um, (...) figura na documentação consular depositada em Lisboa no Arquivo Histórico-Diplomático dependente do Ministério dos Negócios Estrangeiros luso. Do resto silêncio...” (p.156), afirma Pereira. É a concreción do que o profesor Fernández Prieto denomina no limiar: “interesada convivência do regime de Oliveira Salazar com o golpe promovido por militares “africanistas””.

“Anti-sepulcro”, un fermoso texto lido en Monção hai agora tres anos pola antropóloga Paula Godinho, pon epílogo a esta nova achega dun dos principais investigadores na historia contemporánea de Galicia que antecede a un anexo cunhas micro-biografías das vítimas portuguesas da persecución franquista e salazarista, nunha e outra beira, á que se achega Pereira no capítulo dedicado á persecución e á solidariedade na “raia seca”. Solidariedade contra o apagamento da memoria das ditaduras que nos achega unha vez máis Dionisio Pereira.

Por: Xosé González Martínez

Presidente do Foro E. Peinador.

O exemplo da normalidade

Desde hai vintecinco anos o xulgado de A Fonsagrada vén realizando a súa actividade xurisdiccional en lingua galega. Un período tan dilatado no tempo recoñécelle a consideración de experiencia piloto de galeguidade xudicial sen precedentes. Os seus protagonistas foron xuíces e funcionarios que prestaron durante este tempo os seus servizos na oficina xudicial. Comezou esta andaina no ano 1990 co xuíz Xoán Montes, continuada poste-

Galega o fiscal Carlos Varela García. Sobrarían xuíces e funcionarios dispostos a se embarcaren no deseño deste proxecto galeguizador. O único que falta é vontade institucional para poñelo en marcha.

Nas orixes deste proceso de galeguidade xudicial rexístranse os nomes dos xuíces e fiscais precursores da normalización lingüística na Administración de Xustiza: Daniel García Ramos, Orencio Pérez González, Luciano Varela Castro, Xosé Xoán Barreiro



riormente polos sucesivos titulares: Alberto Benítez Antón, que malia ser vasco axiña aprendeu a escribir e falar no noso idioma; Luís Villares Naveira e Eladio Prieto Bellas, que é o xuíz actual. Estes son os funcionarios e funcionarias que fixeron posible este modelo: Concepción Couso, Marisa Fernández Camiña, Antonio López Valledor, Ana Ferreiro Paredes e Ángeles Pernas. Todos eles pertencentes á Irmandade Xurídica Galega. Parabéns polo seu labor. Como vintecinco anos dan para moito, a nota máis significativa é a naturalidade conque funcionarios e xustizables se relacionaron en lingua galega. O exemplo contario protagonízano a inmensa maioría dos avogados que aínda non son quen de recoñecer o réxime da cooficialidade lingüística. En todos estes anos non se rexistrou ningunha nota negativa que puidese cuestionar esta experiencia que hoxe é un modelo para exportar ao resto da organización xudicial en Galicia. Que máis sosegada normalidade se pode pedir que non sexa extrapolable?

O exemplo do Xulgado de A Fonsagrada ten forza de seu para multiplicar as experiencias pilotos no mapa xudicial de Galicia tal e como propoñía o ano na asemblea da Irmandade Xurídica

Prado, Fernando Leiceaga, Carlos Varela, Benito Montero Prego, e os maxistrados da Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Territorial da Coruña Ricardo Leirós Freire, Claudio Movilla Álvarez e Gonzalo de la Huerga Fiudalgo, que foron os que ditaron a primeira sentenza en lingua galega en 1985.

Na galeguización da Administración de Xustiza é decisiva a implicación dos avogados que actúan representando ás administracións públicas. Neste sentido a Irmandade Xurídica Galega fixo algunhas propostas para incorporar a este proceso regaleguizador a un maior número deles. A última é a que se lles propón ás centrais sindicais galegas para que as súas asesorías xurídicas se impliquen na utilización da lingua galega nos procedementos procesuais, ao tempo que introduzan nas demandas a invocación do art. 7.4 da Lei de Normalización Lingüística solicitando que os órganos xurisdiccionais diten sentenzas en lingua galega.



Somos ou non somos

Abonda con prestarlle atención ao tráfico automobilístico das nosas estradas para decatármonos de que boa parte da publicidade comercial reproduce os topónimos, maiores e menores, dos lugares onde radican esas empresas deturpados. É tal o desleixo que nalgún caso resultan incomprensibles. Esta constatación evidencia a insensibilidade de boa parte do empresariado galego polo noso patrimonio cultural.

A esta desorde súmanse algunhas redes sociais que lles impiden aos seus usuarios utilizar nos seus propios perfís o nome oficial da localidade onde viven, porque ao cumprimentaren os requisitos esixidos para abrilos, automaticamente son traducidos ao castrapo que noutro era frecuente nos indicadores de poboación en Galicia. A inobservancia da legalidade está presente tamén nas tiquetas de moitas marcas de produtos agroalimentarios.

Pero máis chamativa é, despois de tantos anos en vigor dos decretos da Xunta de Galicia que os oficializou, que algúns organismos da Administración do Estado con competencias en Galicia sigan fa-

cendo caso omiso desa lexislación. Os documentos nacionais de identidade expedidos polas comisarias de policía, por exemplo, son unha mostra máis dese asaño do comportamento oficial. Por paradoxal que pareza observamos idéntica actitude nas resolucións xudiciais.

En 1984 a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia levaba a cabo unha eficaz campaña para instar ás corporacións locais a restaurar a nosa toponimia. Foi importante para a súa normalización a "Declaración dos Alcaldes pola normalización Lingüística", e tamén as xestións realizadas coa Telefónica para que as edicións das guías recolliesen os nomes oficiais das localidades, e que, ao tempo, os consistorios galegos se localizasen como "Casa do Concello". Gardamos como testemuño daquelas xestións a carta de don Luís Solana, presidente da compañía, accedendo aos nosos pedimentos. Daquela eran frecuentes as correccións feitas por mans anónimas nos indicadores de poboación, que nalgúns casos acabaron con detencións e posteriores xuízos condenatorios. En 1985, en Com-

postela, un xuíz, don Carlos López Keller, con sentido común na aplicación do dereito, ditara unha inusual sentenza absolutoria por considerar que os feitos declarados probados non eran legalmente constitutivos de delito "porque o acusado limitouse a se adiantar á actuación oficial, que, por outra banda como é público e notorio, procedeu en numerosos lugares a redactar en galego os nomes dos lugares nos sinais de tráfico". Pouco lle faltou ao xuíz para condenar á Administración a pagarlle o importe da brocha e a pintura ao acusado.

O paso do tempo non foi abondo para que empresas e algunhas institucións públicas fosen máis respectuosas coa legalidade. Por esta razón non estaría de máis que o Goberno galego arbitrase algunhas medidas instando a notarios e rexistradores a corrixiren de oficio a documentación presentada por particulares para a constitución de sociedades e todos os instrumentos xurídicos; medidas que deberan ser extensibles aos seus propios organismos con competencias en transportes. Tampouco estaría de máis unha imaxinativa campaña publicitaria.

Por: Marcelino Fdez. Mallo

Bipartito vs Feijóo



Na súa teima por gañar a calidade de home de Estado, Núñez Feijóo continúa o seu periplo por España adiante deixando en cada recuncho o legado das súas frases lapidarias.

Na última comparecencia, nesta ocasión nas Illas Baleares, o presidente galego arremeteu contra os executivos sustentados en alianzas. O ataque víñase vir, eis as enquisas como evidente xustificación. Feijóo lembrou o goberno bipartito que rexeu os destinos de Galicia entre 2005 e 2009 cualificando ese período como "tiempo para olvidar". Claro que tamén dixo que o PP "continuará luchando contra cualquiera que venga a la política a servirse y no a servir".

Unha comparación entre aquel executivo formado por PSdeG e BNG e o actual do Partido Popular pódese realizar dende múltiples variables. Tendo en consideración o período de crise aguda no cal estamos, a

creación de emprego e a taxa de paro son as que calquera analista escollería. Tomaremos as cifras a decembro de 2004, 2009 e 2014 para levala a cabo, isto é, dous períodos homoxéneos de cinco anos. Buscaremos ademais a referencia do conxunto do Estado para realizar unha avaliación allea ao propio ciclo económico. Ben: a finais de 2004, os traballadores afiliados á Seguridade Social de Galicia representaban o 5,65% do total do Estado. En 2009, esa porcentaxe aumentara ata o 5,74%; en 2014, pasou a ser do 5,52%. Así pois, durante o goberno bipartito, o emprego en Galicia gañou 0,09 puntos respecto ao total español mentres que durante o goberno popular o seu peso diminuíu en 0,22 puntos.

A comparativa respecto da taxa de desemprego resulta aínda máis esmagante. Nas tres datas indicadas, Galicia presentou un índice de paro do 12,50 en 2004, 12,80 en 2009 e 20,90 en 2014; España pola súa banda acadou o 10,53% en 2004, o

18,66 en 2009 e o 23,70 en 2014. Quere isto dicir que o diferencial de desemprego de Galicia vs España era desfavorable en 1,97 puntos en 2004 (maior paro en Galicia), pasou a ser netamente favorable en 2009, 5,86 puntos por debaixo da media estatal, mentres que en 2014 perdeu boa parte dese diferencial que se reduciu ata 2,80 puntos.

En resumo, durante ese período que Feijóo denomina "tiempo para olvidar", Galicia se comportou de xeito notablemente mellor có conxunto de España mentres que unha vez o Partido Popular retomou o poder, regresou á decadencia á que semella condenada. Visto o visto, a única esperanza para intentar asentar un proxecto de futuro no país pasaría pola confluencia de dos factores, necesarios inda que non suficientes: a acción conxunta dos partidos da oposición e a neutralidade partidista dos medios de comunicación.

Ponteareas

O Corpus Christi de Ponteareas cada vez máis internacional

O próximo día sete de xuño vaise celebrar en Ponteareas a súa Festa grande, a Festa do Corpus Christi. Para que nos falara dela e nos informara das novidades que este ano van arrodear este importante acontecemento de carácter internacional dende o punto de vista turístico, falamos con Salvador González Solla, alcalde da vila do Tea. Isto é o que deu de si a conversa que con el tivemos.

Por: Guillermo Rodríguez

Sr. Alcalde, falemos do Corpus como Festa declarada de Interés turístico internacional.

■ No ano 2009 a Festa do Corpus de Ponteareas foi declarada de Interés Turístico Internacional o que significa que si xa era coñecida a nivel estatal agora ten un recoñecemento a nivel mundial. Todas as Delegacións de Turismo de moitos países do mundo teñen ao Corpus de Ponteareas como unha das súas ofertas turísticas máis senlleiras. Este ca-

Ponteareas foi a terceira cidade do mundo en acoller o Congreso Internacional de Arte Efémoro, no ano 2010. Isto veu a significar que a pesares de terense celebrado máis Congresos deste tipo, como en Italia ou Barcelona, Ponteareas fíxose con esa internacionalidade pola que nós xa temos convidado a Guatemala, a Bélxica, a Polonia,... este ano temos a grande sorte de que o convidado sexa Tokio (Xapón) que ademais virá

mas dun terremoto que asolou a cidade anos atrás.

Isto que facemos nós é exclusivo de Ponteareas. O ano pasado convidamos a Polonia e eles convidáronnos a nós a súa Festa. O malo é que coincide nos mesmos días do Corpus e resúltanos imposible tanto asistir como enviar unha delegación para que puidera mostrarlles a técnica dos nosos alfombristas. Foi algo que nós comenzamos e xa fomos convidados a Bruxelas, a Polonia,

gredos da confección das nosas alfombras e de paso visitarán, levados polo concello, varias cidades e lugares de interese de Galicia e Norte de Portugal. A presenza de Tokio aquí, unha cidade con millóns de habitantes, cun orzamento miles de veces superior ao noso, supón para nós un revulsivo e ao mesmo



■ Salvador González Solla, alcalde de Ponteareas

tempo unha gratificación e unha responsabilidade polo traballo desenvolvido. Se a todo isto lle sumas o ter conseguido que veñan acompañados por un equipo de televisión que vai retransmitir todo o que se faga nestes días na nosa Vila arredor do Corpus e dar a coñecer ao resto do mundo os lugares que visiten en Galicia é para estar orgullosos, como nós estamos nestes momentos. Ademais esta delegación xaponesa vai confeccionar a súa propia alfombrina como veñen facendo todos os nosos convidados.

De momento non está contemplada a presenza de China, verdade Alcalde?

■ Non; nós imos traballando dentro dese abano que temos de cidades alfombristas do mundo, tratando de seleccionar aos mellores, que xa levan máis anos, que xa teñen un arte moi consolidado. Tanto Guatemala, como Bruxelas e agora Xapón significa algo moi importante.

Sr. Alcalde, o que si é certo é que todo este programa que vde. ven de expoñer debe ter uns custes moi serios, non? Pode un concello como Ponteareas facer fronte a este desembolso?

■ Evidentemente, o concello de Ponteareas non podería realizar este proxecto só cos seus recursos. A Festa do Corpus de Ponteareas por ter recoñecemento internacional xa ten ase-



■ Salvador González alcalde e padre Carballo pregoeiro no 2013

Foto: Hernández

rácter de internacionalidade deu pé para que Ponteareas xunto con a Orotava (Canarias) crearan no ano 2006 a Asociación de Cidades Alfombristas do Mundo, na que con outras comunidades a Comunidade Galega está representada por Ponteareas. Non hai dúbida que esta internacionalidade na que Ponteareas ocupa a Vicepresidencia da devandita organización, diante de países tan importantes como poidan ser México, Italia,, Xapón, Alemania, penso que non está nada mal; indica simplemente o traballo e o empeño que puxemos nesa Asociación.

acompañado por un equipo de televisión xaponesa que vai retransmitir toda a nosa Festa a millóns de persoas en todo o mundo.

Esas xestións das que nos acaba de falar o Sr. Alcalde fanse directamente dende o Concello de Ponteareas ou é a través dese organismo que creado entre todos?

■ Non, ese organismo organiza os congresos que son bienais, o pasado congreso foi en Italia e o ano que ven, creo, vai ser en Xapón, na cidade de Kove ou na cidade de Tokio. En Kove fanse alfombras en homenaxe ás victi-



■ Alfombra en Ponteareas

Foto: Hernández

gurado do Goberno Central unha cantidade importante; logo a Xunta de Galicia tamén destina a este tipo de festividade unha cantidade non menos importante, igual que a Deputación de Pontevedra. Pensemos que o presuposto pode acadar os 60 ou 70 mil euros. O Concello ten, a maiores, uns gastos importantes en canto a poñer a disposición dos alfombristas todo o que precisen, así como toda a infraestrutura que unha Festa coma esta esixe. Ademais temos logo a parte lúdica e festeira propiamente dita que tamén esixe un serio desenvolvo.

Hai unha cuestión importante que eu lle quero prantexar ao Sr. Alcalde. Onde van acomodar a toda esta xente que falamos vaise achegar a Pontareas polo Corpus? Porque aquí apenas existen hospedaxes. Non cre o Sr. Alcalde que Pontareas deba dispoñer de establecementos hoteleiros suficientes para estas cousas?

■ Si, é verdade. Pontareas non ten máis ca un hotel con pouca capacidade. Temos que valernos de Mondariz, de Porriño e das Casas de Turismo Rural, pero esas deficiencias non as pode cubrir o Concello; iso correspóndelle á iniciativa privada que ten que avaliar se lle compensa ou non unha instalación hoteleira moderna e con servizos axeitados.

Falemos dese paquete turístico que o Concello puxo en marcha ultimamente.

■ Si; trátase dun acordo, mellor dunhas xestións, que este Goberno realiza coas axencias de

viaxe e coas prazas hoteleiras e de hospedaxe que antes mencionamos para que todo aquel que queira visitarnos con antelación e coñecer o proceso da confección das alfombras polo miúdo, poida estar entre nós unha semana antes, así como coñecer Galicia e os seus lugares de interese turístico, que son moitos. O pasado ano, por exemplo, preto dun milleiro de persoas fixeron uso desta posibilidade que ten unhas condicións especiais, obviamente. O concello aí non gasta nada, limitase a facer de Axente turístico e poñer aos interesados en contacto con centros de hospedaxe; logo facilitarlles os medios para viaxar por Galicia adiante, visitando aqueles lugares de interese que desexen coñecer.

Ben, sr Alcalde, para rematar, convide a todos os que aínda non coñecen as Festas do Corpus de Pontareas para que eses días importantes nos visiten.

■ Bueno; eu só teño que indicarlles que se veñen a Pontareas polo Corpus non se verán defraudados nas súas expectativas. Tanto polo nivel artístico do traballo dos nosos alfombristas como pola acollida dos veciños de Pontareas que sempre, pero dunha ma neira moi especial nestas festas, atendem aos visitantes con todo cariño e atención.

Aquí os esperamos a todos tratando cada ano de mellorar tanto o trato aos visitantes como as Festas en si mesma. Grazas Sr. Alcalde, que o Corpus de Pontareas sexa cada vez máis ese embaixador que tanto Pontareas como Galicia precisan.



■ O padre Carballo preside a procesión do Corpus

Foto: Hernández



■ Alfombra na homra do Papa Hermenegildo, Santiago de Compostela.

Foto: Hernández



■ Alfombra confeccionada no Vaticano.

Foto: Hernández



■ Prticipantesno III Congreso de Arte Efémoro, diante do concello de Pontareas.

Foto: Hernández

Opinión

Por: Rubén C. Lois González

Director do CEER Centro de Estudos Eurorrexionais-Rede de Universidades do Norte de Portugal e Galicia



A construción dun espazo universitario e de investigación galego-portugués no horizonte 2020

Despois de recontar numerosos éxitos e fallas na súa existencia, a UE decidiu a partir de 2010 repensar os seus obxectivos de desenvolvemento e equilibrio territorial, o que se plasmo na aprobación da Estratexia 2020 polo ano no que se considera se deben cumprir os criterios básicos definidos para este decenio. De feito, a UE e as súas antecesoras estimaran no pasado que a cohesión supranacional se lograba con máis infraestruturas e equipamentos, con obxectivos xenéricos de diversificación económica e co traballo intensivo na creación dun sentimento de cidadanía común. Sen embargo, estas políticas en moitas ocasións non acadaron as metas propostas, e os exemplos ao respecto non faltan: novas autoestradas case sen tráfico, impulso desmedido a sectores económicos con resultados modestos como o turismo rural, agrandamento do euroescepticismo, etc. Pola contra, a Europa Unida seguiu perdendo posicións nun mundo crecentemente interrelacionado. Por iso, a Estratexia Europea Horizonte 2020 procura superar estas dificultades e abrir un novo período que permita saír da crise e afrontar os retos xerais dos comezos do século XXI. Europa está atrasada en investimentos en I+D e en innovación, respecto a América do Norte e o extremo Leste asiático, e debe destinar máis fondos, apostar por estes ámbitos estratéxicos. Na UE os custos salariais e de xestión empresarial son máis elevados, polo que só mellorando a base enerxética da produción mediante a aposta por novas políticas sustentables, se manterá o diferencial de competencia. A Europa en construción só é atractiva se mantén as conquistas básicas do Estado do Benestar, co que o crecemento inclusivo deberá ser o terceiro pilar (xunto co crecemento intelixente e sostible) desta na etapa que se abriu. No territorio onde vivi-

mos, por resumir o cuadrante Noroeste da Península Ibérica, os efectos da crise aínda foron maiores que na media continental. A destrución de tecido industrial e empresarial superou á dos contornos, ao tempo que moitos investimentos considerados fundamentais polo desenvolvemento rexional europeo hai uns anos tornáronse rapidamente obsoletos. As evidencias dun modelo pouco acertado de política económica e territorial pónense de manifesto nesta etapa de saída da crise, cando o decrecemento portugués (e fabril da rexión Norte) foi dos máis intensos da UE e Galicia recupérase moito menos que o conxunto español nestes dous anos de saída da recesión. Por iso, e sen esquecer a sucesión incuestionable de conxunturas económicas máis ou menos positivas ou negativas na historia recente, cumpre afirmar que a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal non fixo as cousas todo o ben que podería telas feito desde a súa incorporación á Europa unida. Por iso, consideramos que a mudanza de estratexia de desenvolvemento fixada no Horizonte 2020 pode resultar un bo marco corrector e un camiño axeitado cara a mellorar a competitividade da Eurorexión, facer que esta se manteña no tempo e garantir a calidade de vida dos seus cidadáns. Un territorio transnacional que debe apostar polo I+D orientado ao crecemento intelixente, apurar os prazos de consolidación dunha economía cada vez máis ecolóxica, na dirección dun futuro sen apenas desemprego e coas necesidades sociais dunha poboación avellentada garantidas. Por todo iso, a existencia dunha rede de universidades Galicia-Norte de Portugal constitúe un elemento fundamental para a consecución dos obxectivos da Estratexia

2020 no noso territorio. Dunha banda, porque o potencial das universidades de Porto, Minho, UTAD, Vigo, A Coruña e Santiago de Compostela conxuntamente as sitúan

tamén contan cun PIC (Plano de Investimentos Conxuntos) no conxunto transnacional. A razón deste novo protagonismo universitario pode resumirse en catro ideas. Ga-

sionais cualificados, os que se necesitarán en número crecente nos próximos anos. Por último, a cualificación ofrecida polo ensino superior axuda a mitigar o paro, e a que os

plataformas conxuntas de investigación e mellora na docencia. As universidades manteñen a súa independencia, pero reforzan os seus labores en rede. Doutra, e relacionado co anterior, animase a que os grupos de investigadores das seis institucións participen nas convocatorias europeas de proxectos competitivos; en definitiva melloren a captación de recursos externos para o sistema e favorezan a proxección internacional dos seus resultados. A terceira misión concentrarase en favorecer unha oferta cualificada e conxunta de formación (mestrados e doutoramentos) para titulados doutros países (en particular de América Latina e PALOPs) e formación continua para cualificar, ou reciclar, traballadores das empresas da Eurorrexión que así o demanden.

Como primeiro paso desta nova etapa, o Programa IACOBUS de mobilidade de universitarios a escala eurorrexional é unha realidade xa. Un proxecto xurdido dunha idea inicial do CEER, acollida e formalizada desde a presidencia da Eurorrexión. Por primeira vez, os fondos europeos dedícanse ao I+D+i pensado para que universitarios portugueses e galegos traballen xuntos, se coñezan mellor e procuren complicidades no seu esforzo investigador ou de mellora de procesos organizativos. Un total de 120 persoas beneficiáronse deste programa liderado e xestionado desde a AECT, coa colaboración do CEER. Sen dúbida, e a existencia deste xornal lémbrollo, xuntos somos moito máis. No ámbito universitario e da investigación, asociados podemos competir cos grandes polos de coñecemento do continente. En paralelo podemos axudar moito en mellorar procesos produtivos e modelos empresariais dentro da necesaria estratexia de especialización intelixente que se demanda para Galicia e Portugal de cara a 2020.



entre as 250 mellores do mundo, ao nivel dos grandes centros das capitais europeas. Doutra, porque diante da febleza do gasto privado en I+D+i, as universidades da Eurorrexión concentran máis do 75% da investigación para o avance económico que se contabiliza no territorio. En consecuencia, non é de estrañar que as universidades sexan un actor moi destacado das estratexias rexionais elaboradas de cara ao 2020, coñecidas como RIS3 en Galicia e a Região Norte, pero que afortunadamente

licia-Norte de Portugal necesita incrementar o seu número de patentes e innovacións dirixidas aos sectores económicos, e as universidades concentran a xeración destas novidades. En segundo termo, cumpre apostar pola especialización intelixente en diversos ramos, como o enerxético, mecánico, agroalimentario, nanotecnolóxico, biosanitario, turístico, etc., e en todos eles as institucións superiores mostran unha indubidable forza. En terceiro lugar, as universidades forman técnicos e profe-

mosos e mozas desenvolvan novas estratexias máis efectivas para conseguir emprego. Esta nova centralidade universitaria, e a propia existencia do CEER como instrumento pactado entre as seis reitorías da Rexión Norte-Galicia, vaíse articular no establecemento dunha Rede Estratéxica 2020, que organiza o que as institucións de ensino superior xuntas ofrecen para este novo período. Dunha banda, un traballo coordinado grazas ao desenvolvemento de

Eurocidade Lança Cooperação Inovadora no Mundo

VALENÇA

A Eurocidade Valença Tui avançou com uma plataforma de interligação de serviços municipais presencial e on-line, uma iniciativa pioneira, lançada pela primeira vez no mundo por duas cidades, pertencentes a dois países.

Os cidadãos da Eurocidade vão poder tratar de todos os assuntos municipais on-line, numa mesma plataforma, ou presencialmente em Valença ou em Tui, sem terem necessariamente de se deslocarem pelos vários serviços municipais das duas cidades.

Esta nova plataforma vem otimizar os recursos da Câmara de Valença e do Concello de Tui com uma plataforma inovadora que permitirá a gestão compartilhada na prestação dos serviços públicos de forma a que os resultados da partilha dos recursos favoreça a cooperação transfronteiriça entre os concelhos.

A Eurocidade Valença Tui caminha para uma convergência institucional, económica, social, cultural e ambiental entre as duas cidades, promo-

vendo a utilização de serviços comuns como instrumento dinamizador de convivência entre as pessoas de ambos os territórios, reforçando a cooperação e procurando conjugar esforços e recursos que facilitem o planeamento e a gestão conjunta de serviços e equipamentos municipais.

A iniciativa tem o respaldo da C.C.D.R.N. - Comissão de Coordenação da Região Norte, da Xunta de Galicia, dos governos de Portugal e Espanha e da União Europeia.

Estas ações enquadram-se no âmbito do projeto A.R.P.A.D., financiado pelo Fundo Europeu de Desenvolvimento Regional inserido no P.O.C.T.E.P. - Programa de Cooperação Transfronteiriça Espanha - Portugal.

Para o Presidente da Câmara de Valença, Jorge Salgueiro Mendes, "Esta medida vai trazer grandes benefícios para os nossos municípios e aprofundar a cooperação entre as duas margens do rio Minho. A Eurocidade Valença Tui é hoje uma referência de cooperação no contexto europeu e mundial".

Subvención da Deputación ao Clube Balonmán tudense

TUI

Mecalia Atlético Guardés recibe unha subvención de 30 mil euros da Deputación de Pontevedra, da que fixo entrega o alcalde de Tui e deputado provincial na súa calidade de deputado provincial concedidos pola Deputación provincial para que poidan participar en Ligas e Competicións oficiais. Recolleu o cheque o vicepresidente do Mecalía Atlético Guardés José Manuel Siva Vuciente.



Tui e Valença interconectan os rexistros municipais

TUI - VALENÇA



O Concello de Tui e a Cámara Municipal de Valença, ao amparo da Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal, asinaron este mediodía na Casa do Concello de Tui o memorando de entendemento entre as dúas entidades municipais para a interconexión dos seus rexistros municipais.

O protocolo foi asinado polo alcalde de Tui, Moisés Rodríguez; o presidente da Cámara de Valença, Jorge Salgueiro Mendes; o director xeral de Administracións Públicas da Xunta, José Alberto Pazos Couñago, e a representante da Comisión de Coordinación e Desenvolvemento Rexional do Norte de Portugal, CCDR_N, María Giraldes.

Tomiño participar no proxecto piloto "SIJ+garantía social" de axuda á búsqueda de emprego entre a mocidade

TOMIÑO

O concello de Tomiño solicitou ser unha das entidades escollidas para colaborar co Instituto da Xuventude de España (INJUVE) e o Ministerio de Emprego sobre o Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, e ser así un recurso actualizado para a mocidade tomi-

ñesa na loita contra o desemprego xuvenil. O Sistema Nacional de Garantía Xuvenil é unha iniciativa europea que pretende facilitar o acceso a mozas e mozas con idades comprendidas entre os 16 e 25 anos ao mercado de traballo. Con este motivo ponse en marcha un proxecto piloto cos

servizos de información xuvenil que o soliciten.

Colaborar dende o concello de Tomiño co Sistema de Garantía Xuvenil permitirá ofrecerlle á mocidade os nosos servizos en relación ao empregabilidade e o emprendemento tales como:

Apoiar e dar soporte á súa so-

litude de inscrición no Sistema e/ou informar e asesorar á mocidade sobre o Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, ademais de participar activamente no proxecto dentro do marco europeo. Esta iniciativa súmase a outras xa existentes no concello de Tomiño, como a formación que ofertamos,

enfocada non só ao desenvolvemento das capacidades profesionais e emprendedoras da mocidade, senón tamén a botarlles unha man para que protagonicen o seu proceso de inserción e evolución laboral, tanto por conta propia como axena e amplíes a súa rede social.

Ponteareas

Colexio da Inmaculada

“O pasado día 2 de maio, nun emotivo acto institucional, celebrado no Auditorio Reveriano Soutullo, o Concello de Ponteareas fixo entrega dos “Premios Concello de Ponteareas, 2014”.

Entre os premiados no eido social, está o Colexio da Inmaculada, da Vila; premiado polo labor educativo que ven desenvolvendo en Ponteareas dende principio do século XX; sendo considerado un centro de referencia na Vila do Tea. Como agradecemento a esta distinción, a súa directora pronunciou as seguintes palabras:

Discurso de Agradecemento

Boas noites:

Saúdo ás autoridades aos premiados e a todos os amigos e amigas que decidiron facernos compañía neste día tan entrañable para o noso colexio.

É para min unha honra, recoller

nosos recordos. Personar como D. Félix Rodríguez González que, de forma altruista donou, no ano 1901, os terreos e o edificio principal do actual colexio, amosando con este acto de xenerosidade o seu compromiso social, xa que a doazón faise cō fin de dar formación a nenas con escasos recursos.

Lembrar as Nais Franciscanas que, durante os difíciles anos da guerra e da ditadura, rexentan o colexio dando acollida no seu internado a moitas rapazas cuxos pais se víron obrigados a emigrar. A Don Enrique Troncoso, párroco de Ponteareas, que nos anos 70, debido á marcha das nais franciscanas, por falta de vocacións, non cesa no seu empeño por manter aberto o colexio e buscar unha nova

Instituto Vita et Pax, representados por Teresa Miñana e M^a Jesús Laveda, deciden abandonar Ponteareas; é neste momento cando o claustro de profesores toma a decisión de seguir adiante co colexio.

Pasaron máis de 100 anos e o colexio da Inmaculada segue mantendo o seu carácter e compromiso coa sociedade de Ponteareas xa que está constituído como actividade da Fundación sen ánimo de lucro Félix Rodríguez González e administrado polo Padroado de dita fundación.

Cando falamos de educación pensamos en profesores. Se o



■ Rosa, directora do colexio



■ O alcalde cos premiados Premios Concello de Ponteareas 2014.

en nome do colexio da Inmaculada, este premio outorgado polo Concello de Ponteareas, o seu labor social.

Este colexio, que forma parte da historia de Ponteareas, non se pode entender senon é como a suma dos esforzos e das ilusións de moita xente que, ao longo de máis de 100 anos apostaron, de forma totalmente desinteresada, por crear un centro educativo cuxo principal piar fose a educación e a formación de nenas e nenos nuns principios e valores cristiáns de solidariedade, tolerancia e respecto.

Por iso creo que é de xustiza lembrar a persoas que hoxe xa non están, pero que perduran no

orde relixiosa que se faga cargo do centro.

Así chegará a esta vila o Instituto Vita et Pax. Somos moitas as mulleres de Ponteareas que pasamos polas aulas do colexio de La Inmaculada e que tivemos a sorte de ter mestras que marcaron profundamente as nosas vidas, todas recordamos con moitísimo cariño a aquel grupo de mulleres capitaneadas pola Sta Consuelo e a Sta Venturi, mulleres excepcionais que nos aprenderon os valores que fixeron de nós persoas de ben, profesionais e nais de familia responsables e honestas.

Será no ano 2005 cando de novo, por falta de vocacións, o

colexio da Inmaculada hoxe segue realizando a súa tarefa educativa é grazas ao traballo e



■ Colexio da Inmaculada

dedicación de moitas mestras e mestres que aportaron e aportan o seu esforzo, dedicación, entrega e compromiso cun proxecto educativo no que crían e cren.

Existe outro grupo de compañeiros que están na sombra pero que, grazas a eles, podemos disfrutar dunhas instalacións sinxelas pero agradables e que realizan unha tarefa administrativa encomiable. Falo do persoal non docente. O premio tamén e voso.

Pero, cando falamos dun colexio, a rede exténdese máis alá dos muros do edificio, ás familias xogan un papel moi importante. Non sería xusto recibir este premio sen facer mención ao papel das APAS, que durante moitos anos administraron o colexio, adicándolles tempo, esforzo e financiación. Todos eles puxeron o empeño necesario para reafirmar os cimentos do noso colexio e, o que é máis importante confiaron e confían en nós para a educación dos seus fillos, os nosos fillos que é o máis maravilhoso que temos.

Por último, pero moi importante, son os alumnos, aos que cada día ensinamos e dos que cada día aprendemos. Sen eles un colexio non ten razón de ser. Son os que aportan o aire fresco, a ilusión e os que nos dan o impulso para seguir apostando por un colexio do que hoxe nos sentimos especialmente orgullosos.

Todos somos parte desta historia, polo tanto o premio é de todos.

Moitas grazas e boas noites

Tres fabricantes de gaitas de Ponteareas, galardoados co “Premio Cumbres do Suído”

Os tres fabricantes de gaitas de Ponteareas -Gaitas Eduardo Represas, Gaitas Gil e Gaitas Jesús Represas-, en candidatura compartida, foron galardoados, na categoría das Artes, polo xurado dos Premios Cumbres do Suido, que acaba de dar a coñecer o veredicto, da súa oitava edición 2015, e que se entregaron o sábado 28 de marzo, no Castelo de Vilasobroso,

“En recoñecemento -recoñece acta do xurado- ao seu meritorio labor por manter viva a fabricación artesanal da gaita galega con calidade de materiais, son e afinación, contribuíndo así a difundir o nome de Pontearease (Galiza) no mundo, polo prestixio acadado pola grande valoración que se fai das gaitas fabricadas nestes tres obradoiros e que son utilizadas non só polos máis afamados gaiteiros de Galiza, senón tamén por renombrados gaiteiros de España e doutros países e continentes”

O xurado do Premio Cumbres do Suído destaca que Ponteareas é o único municipio galego que alberga tres fabricantes de gaitas que gozan de prestixio internacional.

Os premiados:

GAITAS EDUARDO REPRESAS

Hai preto dun século, tres irmáns -Antonio, Jesús e Jesumino- que ostentaban o apelido Represas García, comezaron a fabricar gaitas, en Xinzo (Ponteareas). Co paso dos anos, chegaron a ser considerados como uns dos fabricantes máis importantes de Galiza do seu tempo. O seu bo facer artesanal pasou as fronteiras nacionais e gaitas dos irmáns Represas chegaron aos cinco continentes. Foron enviadas principalmente a centros galegos e tamén as compraron moitos gaiteiros emigrados. Ademais tocaron con elas grandes gaiteiros de Galiza. Contra a Carlos Nuñez que a súa primeira gaita era dos Represas. Neste taller formáronse varios membros da familia que logo se establecerían na zona. Hai constancia doutros dous talleres máis en Xinzo que estiveron en activo ata finais do século pasado. O fa-

moso gaiteiro e construtor de gaitas Seivane aprendeu cos Represas a arte da fabricación de gaitas. Hoxe este mesmo taller (obradoiro) regéntao Eduardo Represas Fernández, neto dun dos fundadores, Antonio Represas García. Eduardo ten continuidade nos seus dous fillos, Eduardo e Marcos, que seguen a tradición familiar e continúan no mesmo lugar co taller que fundou o seu bisavó. Desde este taller de Xinzo-Ponteareas seguen a fabricar gaitas, de distintas madeiras, categorías e afinacións que logo se distribúen polo mundo.

OBRADOIRO GAITAS GIL

“Un son potente, persoal. Unha afinación perfecta para unha gaita única”. Así definen os mellores artistas, profesionais e afeccionados, as gaitas que nacen no obrador que Xosé Manuel Gil abriu en 1999 e ao que logo se incorporou o seu irmán Alfonso. Artesán de instrumentos musicais tradicionais

galegos (gaitas e requintas), titulado pola Universidade Popular de Vigo, Xosé Manuel tivo, sen dúbida, o mellor maestro, Antón Corral. Del aprendeu que só o amor polo oficio, a dedicación, a obsesión pola consecución dun son auténtico, farán de cada gaita ese instrumento perfecto. Esa é a filosofía do obradoiro de Gaitas Gil.

Grandes músicos como Carlos Nuñez, Xosé Manuel Budiño, Mercedes Peón, Marcos Campos e Óscar Ibáñez, entre outros, confían a Xosé Manuel Gil a construción dos instrumentos que utilizan nas súas respectivas carreiras artísticas. Outros grupos, como o escocés Capercaillie, os portugueses da Brigada Víctor Jara, grupos tradicionais, bandas de gaitas como Xarabale centos de afeccionados que devencen por estas gaitas absolutamente exclusivas, tamén realizan os seus encargos ao obradoiro de Gaitas Gil.

Instrumentos tan belos como precisos, de timbre doce, potente son, afinación exacta, de estraña e atractiva perfección. Este é o obxectivo do obrador e para iso a investigación forma parte fundamental do traballo diario: novos materiais, novas formas de facer, novas ferramentas, búsqueda de novas tonalidades, perfeccionamento e evolución das xa existentes, etc. Pero sempre con respecto pola tradición que os devanceiros legaron desde a máis escrupulosa ética profesional.

GAITAS JESÚS REPRESAS

Jesús Represas Freitas é igualmente un afamado fabricante de gaitas de Ponteareas, representa a terceira xeración familiar dedicada á fabricación artesanal de gaitas galegas. O seu avó era Jesús Represas Gar-

cía, fundador cos seus outros dous irmáns, Antonio e Jesumino, do taller de fabricación de gaitas en Xinzo que foi o orixe da saga de fabricación de gaitas nesta zona.

Este fabricante de gaitas incorporou as últimas innovacións na elaboración de gaitas ademais de posuír unha grande preparación técnica. Goza por esta razón de grande recoñecemento polo a súa excelente relación prezo-calidade, e as súas gaitas destacan polo a súa fácil afinación e son. Segundo din os que as usan e os establecementos de música que as venden, coida en extremo a calidade dos materiais que utiliza, por iso dise que ningunha gaita ofrece unha calidade desemeellante a un prezo tan accesible. Do mesmo modo este fabricante realiza envíos para boa parte do mundo. Recentemente, fíxoo para Rusia.



Ponteareas

Emotivo acto de entrega dos Premios Concello de Ponteareas, ano 2014

Este sábado pasado, día 2 de maio, nun emotivo acto institucional celebrado no Auditorio Reveriano Soutullo, o Concello de Ponteareas fixo entrega dos "Premios Concello de Ponteareas 2014".



■ O alcalde cos premiados Premios Concello de Ponteareas 2014

Nun emotivo e entrañable acto de lembranzas sobre os galardoados, o Concello de Ponteareas fixo entrega dos Premios "Concello de Ponteareas 2014" ás persoas e entidades merecedoras de tal galardón, que ten por obxecto exaltar e galardoar a traxectoria de persoas e colectivos que se distinguen en calquera actividade humana, comportamento exemplar e virtudes cívicas, así como pola transcendencia e importancia das súas contribucións á sociedade. Así, pois, estes premios abranguen distintos apartados, como é o eido Empresarial, Comercial, Deportivo, Social e Cultural.

No eido Social, foi obxecto deste recoñecemento o Colexio "La Inmaculada" de Ponteareas polo labor social e educativo que vén desenvolvendo nesta localidade desde os inicios do século XX, sendo un centro de referencia na vila. Dentro do eido Cultural, o Premio Concello de Ponteareas recaeu na Banda de Música Xuvenil de Xinzo, pola súa extraordinaria contribución ao patrimonio musical e cultural do noso concello, sende canteira de importantes músicos. O Club Deportivo Cultural Areas foi o premiado dentro do eido Deportivo, como merecido galardón á traxectoria deste club de fútbol da parroquia de Areas que foi quen de aca-

dar importantes éxitos deportivos ao longo dos últimos anos.

No eido Empresarial, o galardón recaeu nos "Serradoiros de madeiras" de Ponteareas, pola súa contribución ao desenvolvemento industrial e económico da nosa vila, poñendo en valor os aproveitamentos forestais para xerar riqueza en Ponteareas.

As "Vendedoras da Carreira" de Ponteareas foron as galardoadas co Premio "Concello de Ponteareas 2014" no eido Comercial polo labor comercial desenvolvido ao longo de varias xeracións, promovendo un importante desenvolvemento económico e comercial da vila do Tea. Tras as semblanzas, os galardoados recibiron o premio da man do alcalde do Concello de Ponteareas, Salvador González Solla, acompañado polos concelleiros, os cales fixeron entrega dos diplomas acreditativos dos galardóns. Tras rematar as glosas e a entrega de premios, o alcalde pasou a felicitar a cada un dos premiados polo seu labor desenvolvido nos diferentes eidos da sociedade e, así mesmo, animounos a seguir pola senda marcada que os fixo merecedores deste destacado galardón.

Esta gala contou con varias interpretacións musicais a cargo do cantautor ponteareán Carlos Sampedro.

A Guarda

O concello organiza obradoiros de cociña dentro das actividades do maio gastronómico e cultural

O Concello da Guarda organiza obradoiros de cociña dentro das actividades previstas para celebrar o "Maio Gastronómico e Cultural". Estes talleres, que se crean baixo o nome de "O día do Mercado" están dirixidos tanto a nenos coma a adultos e teñen como obxectivo mostrar a importancia da alimentación san e saudable.

Este sábado, día 9, celebrarase na Praza de Abastos, o primeiro dos obradoiros dirixido a nenos e nenas de entre seis e trece anos de idade. Os participantes poderán divertirse e aprender realizando tres talleres diferentes: un de "Macedonia de froitas", outro de "Recheo, decoración e presentación dunha filloa" e o terceiro de "Mini pizzas". Con estas tres receitas os monitores ensinarán os rapaces e rapazas o divertido

que é a cociña á vez que mostran o importante que é manter unha dieta san e variada. O obxectivo primordial é que os menores se familiaricen coa cociña e sexan conscientes da necesidade de coñecer os alimentos.

Para que os rapaces e rapazas poidan rotar e pasar polas tres actividades haberá unha inscrición ese mesmo día. O horario do taller é de 11 horas a 13 horas.

Por outra banda, o sábado 30 de maio, tamén na Praza de Abastos e dentro da programación de "O día do Mercado", terá lugar un "showcooking" para adultos, nos que se mostrarán moitas e moi diferentes receitas sans e saudables. De novo, con esta actividade búscase facer fincapé na importancia que ten para un os bos hábitos de vida e por suposto a alimentación equilibrada.

MAIO GASTRONÓMICO E CULTURAL

DÍA DO MERCADO
na Praza de Abastos

SÁBADO, 9 DE MAIO:
OBRADOIRO DE COCIÑA PARA NENOS

Horario
de 11.00
a 13.00 horas

Alimentación saudable cos obradoiros propostos

Dirixido a nenos e nenas de 6 a 13 anos

Actividade gratuíta

Organiza: Concello A Guarda

Concellos e deputacións cooperan en Vacacións con Traballo

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade triplica as prazas no décimo aniversario deste programa de voluntariado internacional e oferta sete vacantes

Ata o 12 de maio poden presentarse as solicitudes para colaborar durante un mes coas entidades parceiras en Cabo Verde, Nicaragua e Honduras

Sete técnicas e técnicos das deputacións e concellos socios do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade pasarán un mes colaborando cos parceiros da entidade en Cabo Verde, Nicaragua e Honduras. Ata o 12 de maio permanece aberto o prazo para presentar candidaturas ao programa de voluntariado internacional Vacacións con Traballo, que chega ao seu décimo aniversario triplicando o número de prazas dispoñibles. Os perfís solicitados pola Cámara Municipal de Ribeira Grande son os de arquitecta/o e técnica/o en xestión financeira, mentres que a Cámara Municipal de Santa Cruz require os de técnica/o de medio ambiente e responsable de comunicación. A ONGD nicaraguana Instituto de Promoción Humana-Somoto oferta dúas vacantes de técnica/o de turismo. A praza do Golfo de Fonseca está xestionada por Enxeñería

sen Fronteiras no marco do proxecto de cooperación para o desenvolvemento financiado polo Fondo Galego, de aí que se priorice a unha/un técnica/o especialista en auga e saneamento ou en calidade da auga. Alén destes perfís prioritarios, hai outros de interese, polo que se recomenda inscribirse a calquera traballador/a en activo que queira participar. As candidaturas presentaranse enviando ao enderezo electrónico comunicacion@fondogalego.org o currículo e unha carta de motivación, canda un escrito de apoio ou consentimento asinado pola/o representante política/o do Fondo Galego no concello ou deputación. Valorarase a vinculación co eido da cooperación, a participación na Rede Municipalista Solidaria e o coñecemento do país.

As viaxes desenvolveranse no último cuadrimestre do ano e a organización cubre os gastos de desprazamento, aloxamento e manutención. Desde terreo, o voluntariado visibiliza a través dun blog a realidade do Sur e as súas propias vivencias, que á volta tamén se recollen nun caderno dixital. Amplifícase así a dimensión sensibilizadora da iniciativa, que fomenta o intercambio de coñecementos ao tempo que promove a solidariedade entre axentes locais. Na última década, trinta persoas participaron das Vacacións con Taballo.

O Fondo Galego

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade está integrado por 85 concellos e as deputacións da Coruña e Lugo, que



concentran a través desta rede os seus esforzos no eido da cooperación ao desenvolvemento. Garántese deste xeito unha xestión profesional e transparente, así como a realización de proxectos con impacto nos países do Sur e a sensibilización da sociedade galega a prol da solida-

riedade internacional. Desde a súa fundación en 1997, o Fondo Galego ten desenvolvido máis de 150 proxectos en 25 países e promove numerosas actividades e materiais en relación aos desequilibrios Norte-Sur.



Novas da Raia

A praia de “O Muíño”, da Guarda, acada a bandeira “Ecoplaya” que certifica a súa calidade ambiental

A GUARDA

A praia de “O Muíño”, da Guarda, recibiu a bandeira “Ecoplaya” que certifica a súa calidade dende un punto de vista ambiental. O Muíño é o areal fluvial por excelencia da localidade, xa que está situado alí onde as augas do río Miño encóntranse coas do Océano Atlántico.

Este galardón, que está promovido pola Asociación Técnica para la Gestión de Residuos, Aseo Urbano y Medioambiente (ATEGRUS), foi recibido pola limpeza manual da praia, que axuda a conservar o ecosistema dunar, e polas diferentes actuacións realizadas para a súa rexeneración.

A Guarda aposta pola limpeza manual de tódalas praias da vila para minimizar o impacto negativo que poder supoñer esta posta a punto sobre a flora e a

fauna. Ademais esta forma de facer contribúe a crear unha

me-llor conciencia na conservación e protección do entorno natural.

Ademais de contar con este sistema de limpeza e traballar na rexeneración das dunas contro-

lando a extracción ilegal de area, colocando pasarelas e vallas e retirando

areal presenta outros moitos servizos. Así, os bañistas do Muíño, contan con socorristas, acceso para persoas con discapacidade, paneis informativos, aseos e duchas, transporte público, aparcamento a 500 metros e hoteis e restaurantes. Esta praia tamén destaca pola calificación de “excelente” para a súa auga e polas diferentes campañas ambientais que se fan ó longo do ano.

Ademais de agora lucir a bandeira “Ecoplaya”, O Muíño, xa presume do distintivo de calidade SICTED. No mes de maio espérase tamén que revalide a “Bandeira Azul”. A implantación destes distintivos mostra o esforzo do Concello por ofrecer os seus veciños e veciñas, e tamén visitantes, unhas praias con bos servizos atendendo a calidade dos mesmos.



Torre de Lapela inaugurada no verán

MONÇÃO

O presidente da Cámara Municipal de Monção, Augusto de Oliveira Domingues, anunciou que a Torre de Lapela, em processo de valorização e requalificação, será inaugurada no próximo verán, julho ou agosto, coincidindo com o período de férias dos nossos emigrantes.

A confirmación foi dada esta manñá na sesión de abertura do colóquio “Arqueología, Cultura e Turismo no Vale do Minho – Um Impulso para a Investigación e Desenvolvemento Turístico” que decorre hoje e amanhã Cine Teatro João Verde com a presenza de investigadores e especialistas portugueses e galegos.

O autarca monçanense destacou a estru-

tura como reflexo da aposta que o executivo coloca na requalificación do patrimonio e enalteceu a súa importancia como mais um local visitável colocado à disposição de residentes e turistas. “No topo, a vista sobre o casario, margem espanhola e río Minho é fabulosa. Não percam” convidou.

O arranque dos traballos englobou ainda intervencións de Filipe Reis, presidente da Associação de Jovens de Longos Vales, e Henrique Barreto Nunes, em representação da Casa Museu de Monção/Universidade do Minho. Ambos salientaram o papel do pasado na construción do futuro, bem como a necesidade de valorizar o patrimonio construído para que a cadeia de transmisión de saberes continue nas gerações vindouras.

As intervencións, assentes em três sessões “Património, Turismo e Desenvolvemento Regional”, “Projetos de Investigación Regionais” e “Programas de Conservación e de Preservação do Património Cultural”, están sustentadas em traballos efetuados na região e na súa importancia como estratégias de valorização turística e patrimonial.



O Consello da Xunta declara Municipio Turístico ao Concello de Parada de Sil

Parada de Sil, no corazón da Ribeira Sacra, conta na actualidade con numerosos monumentos singulares, con edificacións con gran valor etnográfico e unha rica paisaxe e natureza que actúan como impulsores da actividade turística, dotada das infraestruturas necesarias para o seu desenvolvemento.

Por: Jesús Losada

O Consello da Xunta aprobou en abril o proxecto de acordo polo que se declara municipio turístico ao Concello de Parada de Sil, na provincia de Ourense. Galicia conta así con 44 municipios turísticos nas catro provincias galegas. Coa incorporación de Parada de Sil, a provincia de Ourense conta con 10 Municipios Turísticos: Allariz, Celanova, O Carballiño, Leiro, Monterrei, A Pobra de Trives, Nogueira de Ramuín, Ribadavia, A Veiga e Parada de Sil. Este concello, situado no corazón da Ribeira Sacra, conta na actualidade con numerosos monumentos singulares: o Mosteiro de Santa Cristina de Ribas de Sil, situado entre castiñeiros centenarios no Cañón do Sil; a Necrópole medieval de San Vitor de Barxacova, datada entre os séculos IX e XI; a Ponte Medieval de Conceliños, os Petos de Ánimas, o de Teimende, Coutiño e Casa do Vento; os numerosos cruceiros que atesoura; as Mámoas das Chairas, unha necrópole formada por dúas mámoas; a Calzada Romana de Pradomao ou o Castro de Castro, entre outros. Así mesmo, este concello ourensán conta con edificacións con gran valor etnográfico, como as Casas da Neve de Cabeza de Meda, o Foxo do Lobo, os Muíños de Entrambosríos, o Forno Saqueiros e o Belén na Capela de San Ramón. Ade-

mais, no que se refire á paisaxe e á natureza destacan o Castiñeiro singular de Entrambosríos, declarado pola Xunta de Galicia "árbore de carácter singular", o Souto de Santo André e os viñedos de Pombar. Todos estes aspectos son postos en valor e amplamente recoñecidos e actúan como impulsores da actividade turística que pola súa vez unha parte importante da economía da zona, dotada das infraestruturas necesarias para o seu desenvolvemento. Por todo isto, xunto cos informes favorables da Deputación de Ourense, as consellerías competentes e a área provincial de turismo, o Consello da Xunta considera xustificadas os requisitos establecidos para os efectos da súa declaración como municipio turístico galego. A declaración de municipio turístico galego ten carácter indefinido. Non obstante o Consello da Xunta de Galicia poderá revogar a citada declaración se deixasen de concorrer os requisitos e condicións conforme os cales se outorgou a distinción.

Ribeira Sacra

A Ribeira Sacra acolleu en 2014 a máis de 152 mil turistas. A Ribeira Sacra atrae cada ano miles de turistas experimentando unha subida constante na cifra de viaxeiros e pernoitas rexistradas



■ No Mosteiro de Santa Cristina de Ribas de Sil celebranse durante o ano varias actividades culturais.

nos seus establecementos hoteleiros. Así, segundo os últimos datos feitos públicos polo Instituto Nacional de Estatística, o pasado ano foron máis de 152 mil os viaxeiros que se aloxaron nos establecementos hoteleiros deste marabilloso lugar. Isto deu como resultado que se incrementase un 20% a cifra de viaxeiros do 2013. As pernoitas tamén aumentaron nun 18% o pasado ano, ata situarse en máis de 229 mil. Esta mellora produciuse como consecuencia do bo comportamento rexistrado tanto polo turismo nacional que se in-

crementou nun 18% como polo internacional que neste caso rexistrou un aumento do 20%.

Balcóns de Madrid

O Concello de Parada de Sil destinou unha subvención da Rede Natura para mellorar a ruta Santa Cristina-Canón do Sil, por un importe de 24.133,14 euros. As melloras efectuáronse nos Balcóns de Madrid, onde se aumentou a seguridade dos visitantes cun ensanchado de pedra natural e a colocación duns chanzos tamén

de pedra, dado que nun dos balcóns a xente sae del para desprazarse por un lugar de moita vistosidade pero con moitos riscos. Instalouse unha nova varanda rústica de madeira tratada e colocouse un pavimento de madeira tratada nun tramo de sete metros. Instalouse tamén un novo panel interpretativo no que se fai constar ademais un gráfico. Na ruta de sendeirismo arranxouse o firme nos tramos en mal estado e tamén en dous sitios nos que practicamente hai que subir a gatiñas, colocáronse uns chanzos de pedra e uns metros de varanda rústica.



Castro Caldelas

O Concello descubriu unha placa na casa natal de Claudio Movilla Álvarez, xuíz caldelao que ditou a primeira sentenza en galego

O 27 de marzo de 1985, a Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Territorial da Coruña ditou a sentenza e supuxo un fito histórico na normalización da lingua galega no ámbito xurídico.

Por: Jesús Losada

Este concello “ten a honra de contar cō primeiro documento en lingua galega escrito en Galicia: o foro do Bono Burgo de Caldelas, no ano 1.228 e pasaron cinco séculos de proscripción para que este xuíz ditara a primeira sentenza en lingua galega contra o Concello de Redondela”, dixo a alcaldesa Sara Inés Vega Núñez. No 1985 a sentenza daba a razón a unha veciña de Redondela que pedía a declaración de ruína para a súa vivenda, ao que se se negaba o goberno redondelano. Aquela resolución xudicial fixo historia porque estaba redactada en galego. A mediados de abril de 2015 a Irmandade Xurídica Galega recordaba ese feito en Castro Caldelas, localidade natal do xuíz que asinou aquela sentenza, Claudio Movilla. Fronte a casa natal reuníronse tamén familiares, veciños e alcaldes da comarca e de Sober para renderlle unha pequena homenaxe coa colocación dunha placa. A homenaxe se incluíu no que se chamou

a “Declaración de Castro Caldelas”, na que se promove o uso da lingua galega non campo do Dereito, facendo un chamamento as institucións públicas “para normalizar o idioma galego en todas as esferas da vida social”, segundo sinala o documento asinado polos participantes. Fíxose petición expresa a notarios, xuíces e avogados para que manteñan unha “actitude positiva e de colaboración” ao respecto. Naquel 1985, outro caldelao, Orencio Pérez, traballaba de secretario no Rexistro Civil en Vigo, e en 1990 accedeu á Xudicatura. Durante toda a súa carreira xudicial fixo uso do galego tanto na oralidade coma na escrita, facendo do seu xulgado un dos pioneiros en celebrar os xuízos en galego. Pola súa banda, Manuel Casado Nieto foi fiscal xefe da Audiencia Territorial de Barcelona en tempos da ditadura e destacou pola dinamización da lingua galega como escritor, sendo un dos precursores na tradución da Biblia ao galego.



■ Casa natal de Claudio Movilla, en Castro Caldelas, na que a alcaldesa descubriu unha placa na súa honra

Visitas guiadas polo casco histórico e cea medieval no castelo

O Concello de Castro Caldelas organizou un programa de visitas dramatizadas polo casco histórico, rematando cunha exhibición de cetrería e de animais exóticos. O programa denomínase Castro Cal Delas?. O 2 de maio celebrouse a primeira cea medieval no castelo que foi ambientado para recrear a época.

Por: Jesús Losada



■ Aldonza de Castro, o comisario e un frade dominico, na Praza do Prado.

Actores vestidos de época protagonizan unha visita guiada por Castro Caldelas que arranca na Alta Idade Media e esténdese por cinco séculos. Na Praza do Prado, preséntase Aldonza de Castro, unha muller que, aínda que en realidade é unha ladroa, ofrece como unha dama vestida de época. A golpe de cabalo fai a súa aparición un comisario e un frade dominico que a sinalan. A instantánea, sacada de séculos atrás, volve cobrar importancia na realidade actual deste municipio. Así se inicia unha peculiar visita guiada polas rúas e a historia de Castro Caldelas, con sorpresas en cada esquina das rúas que levan ata o castelo. O programa pretende, en palabras da alcaldesa, Sara Inés Vega, “dar a coñecer a historia de Castro Caldelas ofrecendo un servizo diferente”, sumando atractivos aos encantos paisaxísticos e monumentais que ten o municipio. O visitante cítase coa historia do lugar na céntrica praza, onde se lle entrega unha tarxeta identificativa. Aí comeza unha visita que, durante hora e media, lle levará polas rúas do pobo ata chegar ao castelo do duque de Alba. Un elenco de actores integrado por seis persoas vestidas con indumentaria de época

introduce os participantes na vida de Castro Caldelas escenificando unha obra de teatro ao longo do casco histórico. A historia arranca na Alta Idade Media e vai avanzando cinco séculos a medida que o percorrido vai sumando metros. Un frade dominico, encargados de impartir xustiza durante a Inquisición, é o encargado de realizar a visita a través da historia. Son moitas as sorpresas que asaltan o visitante nesta visita guiada, na que é posible encontrarse de fronte con alquimista o que, cunha rata na man, ofrece ao público para explicar como foi a peste bubónica. “Estamos a xogar coa historia da liñaxe dos Castro, señores de Lemos, Sarria e Castro Caldelas. A historia que se desenvolve coma se fose unha obra de teatro vai unindo a liñaxe dos Castro co que o visitante vai vendo: os escudos, a historia que se leva a cabo en Castro Caldelas”, explicou a alcaldesa. O final desta singular visita guiada está no castelo. Aí teñen lugar o espectáculo de cetrería no que non faltan impresionantes aguías, falcóns, e un buho real e a exhibición de animais exóticos, que ofrece a posibilidade de ver de preto dende un porco espiño ata un pitón, tarántulas e unha boa de tres metros.

Río Minho

Uniminho preocupada com impacte ambiental provocado pelos acentuados desníveis do caudal do rio Minho

Atenta à redução significativa do nível da água do rio Minho nas últimas semanas e às graves consequências ecológicas subjacentes, a Uniminho – Associação do Vale do Minho Transfronteiriço – solicitou à Gas Natural Fenosa, concessionária da barragem da Frieira (Galiza), um conjunto de “informações precisas” sobre o cumprimento dos parâmetros estipulados ao abrigo do Regime de Caudais Ecológicos entre Portugal e Espanha. Preocupações foram igualmente manifestadas às várias entidades



De relembrar que, no contexto ibérico, o rio Minho é um dos troços de água mais importantes no que diz respeito às espécies de peixes migradoras (algumas das quais sustentam a pesca artesanal), como o salmão, o sável, a savelha, a truta-marisca, a lampreia e a enguia. Entre maio e julho/agosto ocorre a reprodução de espécies de peixes como a lampreia e o sável, estando inventariados vários locais de postura para a lampreia no troço Monção/Melgaço, enquanto para o sável é, particularmente, importante a área próxima da barragem (Melgaço/Cevide).

Procurando uma intervenção e resolução deste problema presente e com impacto futuro, a Uniminho deu igualmente a conhecer estas preocupações à Confederação Hidrográfica do Miño-SIL, à Conselleria do Medio Ambiente da Xunta da Galicia, à Agência Portuguesa do Ambiente, à Comissão de Coordenação e Desenvolvimento da Região do Norte e ao Ministério do Ambiente, Ordenamento do Território e Energia de Portugal.

A regulação de caudais no rio Minho faz-se sentir em todo o troço a jusante da barragem de Frieira, mas principalmente na área que percorre os concelhos de Melgaço e Monção, onde são verificados desníveis significativos da altura da água. Dados recolhidos no site da Confederação Hidrográfica do Miño-SIL revelam que o rio Minho tem sido alvo, em particular aos fins-de-semana, de uma “preocupante” redução do nível da água, indiciando o risco de degradação dos ecossistemas existentes. A título de exemplo, a 29 de abril passado foi registado um caudal do rio de 53,36m³/s na Estação de Registo de Salvaterra do Miño, quando o caudal ecológico mínimo do Embalse da Frieira para este período está estipulado em 84,972 m³/s.

Apesar de não ser possível estabelecer uma conexão entre o caudal ecológico do Embalse da Frieira e o caudal natural instantâneo registado em Salvaterra do Miño, esta associação transfronteiriça denuncia a existência de indicadores que extrapolam para uma gestão do caudal ecológico do rio Minho. O presidente do

Conselho Diretivo da Uniminho explica este processo provoca “um conjunto de perturbações ecológicas difíceis de quantificar em termos de impacte ambiental e sustentabilidade dos ecossistemas presentes no Rio Minho, nomeadamente o elevado risco de exposição de ovos, larvas e alevins de espécies de peixes migradoras, quando áreas do leito ficam expostas ou quando a profundidade é mínima, permitindo a predação destas fases mais vulneráveis dos seus ciclos de vida”. Manoel Batista sublinha que as perturbações induzidas nos ecossistemas a jusante de uma barragem, pela ausência de um regime natural de caudais, instigam uma degradação da qualidade ambiental, com repercussões ao nível dos recursos/valores naturais e dos próprios serviços do ecossistema. “O caudal ecológico, entendido como volume de água mínimo capaz de satisfazer as necessidades do ecossistema aquático e ribeirinho, é, muitas vezes, feito em função das necessidades de gestão de produção de energia pela empresa hidroelétrica e não em função das exigências ecológicas”, assegura.



Galicia

Cinco nenas de A Coruña, cinco de Pontevedra e dúas de Lugo gañan a VI edición de “Deseña unha xoia para túa nai”

Rosalía Montero, de Muimenta, e Isabel Leal, de Alfoz, fixéronse co 1º e o 2º premio da categoría de 8 a 10 anos. Destacaron entre oitenta finalistas de toda Galicia con dous orixinais deseños de colgante.

Un broche con forma de anxo, unha pulsera con emoticonos ou unha pinza do pelo para a “mellor nai gandeira”, son algunhas das xoias que o Colexio Oficial de Xoiaría de Galicia entregou hoxe en Santiago aos doce nenos gañadores de “Deseña unha xoia para túa nai”.

Nesta edición do certame, máis de 8.000 nenos de toda Galicia, de 0 a 12 anos, enviaron as súas propostas de deseño, e un xurado composto por profesionais da xoiaría, a educación, a prensa e o mundo do arte, seleccionou 20 finalistas por cada unha das categorías (ata catro anos, de 5 a 7, de 8 a 10 e de 10 a 12).

Estos oitenta nenos finalistas asistiron esta tarde á entrega de premios que se celebrou no CGAC de Santiago de Compostela, pero tan só doce, tres por categoría, puideron ver o seu deseño convertido nunha peza real para regalar a súa nai o próximo domingo 3 de maio.

Dende COXGA destacan a grande creatividade e orixinalidade mostrada polos pequenos que, un ano máis, non defraudaron coas súas propostas.

Fabricantes e patrocinadores

As xoias gañadoras foron elaboradas por xoiarías colexiadas de distintas localidades de Galicia: Fink Orfebres e os alum-



■ Paula Ramos e Cristina Míguez, alumnas do colexio Santiago Apóstol de Pontearreas.

nos da EASD Mestre Mateo de Santiago, Ardentia e Unión Joyera de Bergondo, Ángel Fariña de Marín, Rosa Méndez de Teo e e Piropo Joyas de Viveiro.

Tomando como referencia os debuxos enviados polos nenos, cada un dos



■ A Directora xeral de Turismo da Xunta, Nava Castro, tamén estivo na entrega de premios aos nenos/as.



xoieiros encargouse da creación dunha ou varias das xoias gañadoras. Tentando manterse o máis fiel posible ao deseño, decidiron o tipo de metal máis apropiado e a interpretación que mellor garantiu a súa execución técnica.

Igualmente, hai outras xoiarías que non asumiron a elaboración directa das pezas pero patrocinaron a súa fabricación. Son Joyería Atempo de Ames, Alfonso Joyeros e Joyería Bernardino Otero de Santiago, Joyería Rosant de Marín,

Os doce nenos gañadores son:

Andrea Furelos Carreira
Uxía Oterino Gómez
Paula Ramos Álvarez
Lola Firvida González
Cristina Míguez Mariño
Eduardo Rodríguez
Julia Ínsua Gómez
Isabel Leal Paz
Rosalía Montero Núñez
Carla Duro Vidal
Paula Amelia Fontanella Poyato
Andrea Moreira Pose

“Encosta-te a mim” no cine teatro João Verde (Monção)

Jorge Palma atua na sala de espetáculos de Monção no dia 15 de maio, sexta-feira, pelas 21h30.

Compositor, poeta, intérprete e pianista, promete presentear o público com os maiores sucessos de uma carreira musical com mais de quatro décadas.

Jorge Monção atua no Cine Teatro João Verde, em Monção, no dia 15 de maio, sexta-feira, pelas 21h30. A entrada custa 12,00 €, devendo ser adquirida na Loja Interativa de Turismo, T. 251 649 013, ou no próprio local, uma hora antes do início do espetáculo.

Jorge Palma dispensa apresentações. Com mais de 40 anos de carreira é um nome incontornável do panorama musical português. Compositor, poeta, intérprete e exímio pianista, Jorge Palma começou a dar cartas cedo, quando aos 13 anos venceu o segundo prêmio e uma menção honrosa num concurso internacional das juventudes musicais, realizado em Palma de Maiorca.

Aprendendo piano aos seis anos, o percurso de vida de Jorge Palma observa-se sempre a par da música, sua maior forma de expressão. Correu a Europa de guitarra em punho, tocando nas ruas de cidades como Paris e Copenhaga. Em 1990, terminou o Curso Superior de Piano.

Ao longo da sua carreira, editou vários discos de originais, com-

pondo sucessos e somando discos de ouro, tendo atingido a marca da dupla platina com o tema “Voo Noturno”. Venceu o Prémio José Afonso em 2002 e, em 2008 e 2012, foi vencedor do Globo de Ouro na categoria de melhor intérprete.

Pelo seu último disco, “Com todo o respeito” foi ainda galardoado pela SPA com o Prémio Pedro Osório. Desde os anos 70 que esgota salas um pouco por todo o país. Tanto nas mais emblemáticas como nos palcos mais intimistas.

Passou por festivais como o MeoSudoeste, SuperBockSuper Rock e Rock in Rio.

Vicente Palma e Gabriel Gomes (Os Poetas, ex Madredeus e Sétima Legião) são os dois músicos que o acompanham no seu formato acústico. Vicente surge na guitarra, no piano ou na voz, acompanhando Jorge Palma em alguns dos temas que tocam juntos há mais de uma década. Gabriel Gomes oferece a sonoridade do seu acordeão para criar ambientes verdadeiramente íntimos e especiais.



■ Jorge Palma

IIº Seminário Ibérico de Metrologia (Valença)

Valença recebe o IIº Seminário Ibérico de Metrologia, na Escola Superior de Ciências Empresariais, em 8 de maio, subordinado ao tema “Metrologia e o Futuro”. Especialistas portugueses e espanhóis, na área da metrologia, vão trocar experiências, comparar metodologias e métodos de trabalho, no âmbito da metrologia legal, científica e aplicada.

O Seminário contará com um amplo leque de intervenções de especialistas portugueses e espanhóis na área da metrologia, nomeadamente: Alejandro Pereira Dominguez da Universidade de Vigo, António Silveira do ISEP, Paulo Cabral do IEP, José Luís Prieto Calviño do LOMG, Hugo Silva

da BorgWarner, Juan Lago Giraldez da TRW, Isabel Nuñez do Grupo Antolin, António Bruno Rodrigues da BOSH CAR Multimédia, Ricardo Fernandes do IPQ, Ricardo Robles Montaña do CEM e ainda representantes da PSA e do CITEVE.

A metrologia, enquanto ciência da medição, fornece o suporte material fiável aos sistemas de medição,



fundamentais nas sociedades contemporâneas, quer seja na saúde, na economia, na segurança e no ambiente.

Este seminário tem por objetivo promover o desenvolvimento e a implementação de novas competências metrológicas, dar a conhecer o ponto da situação da metrologia ibérica e o estabelecimento de parcerias e projetos conjuntos entre os dois países.

A segunda edição do Seminário Ibérico de Metrologia de Valença dará uma atenção especial ao mundo empresarial. O seminário terá um espaço que proporcionará às empresas da área a oportunidade de divulgar e dar a conhecer os seus produtos e serviços.

Responsáveis mundiais de federações de campismo e caravanismo visitaram o Museu do Alvarinho (Monção)

Visita inseriu-se na preparação da organização do 84º encontro internacional que decorrerá em algumas localidades do Alto Minho, entre final de julho e início de agosto, do próximo ano. O programa encontra-se em fase de elaboração. Monção vai fazer parte do roteiro.



Cerca de dezena e meia de responsáveis de federações de campismo e caravanismo de vários países, Bélgica, Suécia, Turquia, Reino Unido, França, Itália, Alemanha e Canadá, deslocaram-se hoje ao concelho de Monção, tendo visitado, ao final da manhã, o Museu do Alvarinho.

Nesta visita, que compreendeu ainda uma deslocação ao Palácio da Brejoeira e percurso pelo centro histórico da vila, estiveram acompanhados pelo presidente da Federação Internacional de Campismo, Caravanismo e Auto-caravanismo, João Alves Pereira. No Museu do Alvarinho, após visualização de vídeo sobre Monção e visita guiada aos diferentes espaços do edifício, a cargo de Odete Barra, os visitantes participaram numa prova de Alvarinho

“comentada” por José Emílio Moreira, Grão Duque da Real Confraria de Vinho Alvarinho.

Esta deslocação a Monção inseriu-se na preparação do 84º Encontro Internacional de Campismo, Caravanismo e Auto-caravanismo que decorrerá em algumas localidades do Alto Minho, entre final de julho e início de agosto, do próximo ano. O programa encontra-se em fase de elaboração, sendo certo que Monção vai fazer parte do roteiro.

Refira-se que os encontros deste ano, 82ª e 83ª edição, decorrem na Croácia, de 27 de junho e 4 de julho, e na Coreia do Sul, de 31 de julho a 9 de agosto. Portugal já recebeu esta iniciativa em três ocasiões anteriores: Santo André (1975), Ericeira (1985) e Aljezur (1995).

Ourense

Expourense, plataforma internacional de Galicia

A celebración de tres feiras internacionais, Termatalia Arxentina, Xantar e Funergal, marcou a actividade de Expourense durante o 2014, posicionando ó recinto feiral ourensán entre os principais organizadores de eventos internacionais en España.

Por: Silvia Pardo

Grazas á cooperación público-privada, patente na composición do Padroado da Fundación, Expourense consolídase como unha plataforma que contribúe, a través da celebración de citas únicas, a fomentar a competitividade das empresas galegas e facilitar a creación de oportunidades de negocio internacionais, sobre todo en sectores estratéxicos como o termalismo, a gastronomía e a industria funeraria. Sobre estes puntos xirou a presentación da Memoria de Actividades 2014 de Expourense, durante a celebración dun acto no que estiveron presentes un cento de representantes institucionais, empresariais e sociais que colaboran habitualmente coa Fundación. Durante esta intervención, o presidente do Comité Executivo de Expourense e da Cámara de Comercio de Ourense, Juan Carlos Parada, indicou que “a actividade realizada por Expourense contribúe a aumentar a nosa competitividade, impulsa o emprendemento e converte a este espazo no que nos atopamos nunha valiosa plataforma de dinamización da economía galega”. O delegado territorial da Xunta de Galicia, Rogelio Martínez, destacou o papel de internacionalización que xoga este recinto e indicou que “do traballo realizado por Expourense beneficiámonos todos, tanto o tecido empresarial galego como o conxunto da sociedade xa que abre novas oportunidades de negocio para empresas e emprendedores, serve de ponte cara novos mercados e clientes, e impulsa a calidade e a capacidade innovadora das empresas”. A presentación dos resultados de Expourense do 2014 correu a cargo do director xerente, Alejandro Rubín Carballo, quen destacou a singularidade das citas organizadas por este recinto. É que Xantar é o único salón internacional de España especializado en turismo gastronómico; Funergal foi a única cita internacional da Península en 2014 e Termatalia, celebrada na Arxentina, é a única cita convertida en ponte termal entre Europa e América Latina sendo ademais unha feira de referencia mundial do turismo de saúde. Os outros eixos sobre os que se baseou a actividade de Expourense no 2014 foron a Calidade, Innovación, Em-

prendemento e Formación. O principal fito da actividade de Expourense en 2014 no relativo á internacionalización foi a celebración de Termatalia en Termas de Río Hondo, (Arxentina), do 1 ó 4 de outubro. Foi a segunda edición celebrada en América Latina logo de Termatalia Perú 2012, un que converteu a Expourense na primeira institución feiral española que organizaba un evento propio no estranxeiro, que tivo continuidade o ano pasado na Arxentina e que seguirá en 2016 coa celebración en México. Termatalia Arxentina consolidouse como un espazo de capacitación e formación que os profesionais aproveitaron para ampliar os seus coñecementos e especialización no referente ao turismo de saúde. Destaca tamén da actividade de 2014 a recuperación como feira de organización propia, en colaboración coa Asociación de Concesionarios de Automóviles de Ourense (A.C.A.U.T.O.), do Salón do Automóvil que celebrou a súa sexta edición dividida en dúas citas, Vehículo Novo e de Ocasión. A boa acollida por parte dos empresarios e do público, levou a inclusión deste salón no calendario de citas anuais de Expourense.

Actividade en 2014

O resumo de actividades organizadas por Expourense, durante o 2014 sinala que o recinto organizou o pasado ano un total de 10 feiras, boa parte delas profesionais e orientadas ó negocio. Coa celebración de tres feiras internacionais de organización propia, Expourense sitúase á cabeza dos recintos feirais de Galicia. Todos os certames contaron coa presenza de 855 expositores, unha cifra que indica o grao de fidelización e confianza das empresas e institucións polos proxectos levados a cabo por Expourense. A decena de feiras e a vintena de eventos do calendario da Fundación atraeron a 128.885 visitas, a 855 expositores e a 350 relatores procedentes todos eles dun total de 30 países.

Certames Profesionais

Expourense celebrou en 2014 unha cita exclusivamente profesional, Funergal, a Feira Internacional de Produtos e Servizos Funerarios que foi o único punto de encontro profesional da Península do ano pasado. Contou coa participación de empresas de 9 países e reuniu aos catro grandes grupos funerarios de España. Ademais de Termata-

lia Arxentina, tiveron lugar tres feiras mixtas: Xantar, Salón Internacional de Gastronomía e Turismo, que se ten convertido nun produto turístico en si mesmo, ademais dunha plataforma para o sector primario galego a través da hostalería de calidade; Previsel, Salón da Prevención e Seguridade Laboral e Galisenior, Salón das Persoas Maiores, recoñecido como internacional a efectos aduaneiros.

Público xeral

Ademais dos certames profesionais xa mencionados, Expourense organizou en 2014 citas comerciais orientadas ó público xeral que convocaron a diferentes sectores, servindo de plataforma especialmente para o comercio local e contando co apoio de asociacións profesionais como é o caso dos centros comerciais abertos. Estas citas foron: a XXI edición da Mostra da Oportunidade; o VI Salón do Automóvil, x XV edición de Celebra, Salón de Vodas, Bautizos, Comuñóns e Actos Sociais; e tamén a XV edición de Megaxove, Salón da Xuventude.

Apoio ó Emprendemento

Durante o 2014, Expourense presentou de novo alternativas de apoio

aos empresarios. Por este motivo, puxo en marcha distintos convenios de colaboración con entidades como ABANCA para fomentar a participación en feiras de autónomos, microempresas e emprendedores. Un total de 50 microempresas e autónomos galegos puidéronse beneficiar de taxas bonificadas e participado en feiras que lles permitiron contactar con novos clientes, e deste xeito fomentar o crecemento da súa empresa. Ademais, máis de 80 asociacións empresariais participaron activamente nos proxectos de Expourense durante o pasado ano.

Innovación e calidade

A confluencia nas feiras e eventos celebrados en Expourense dos axentes públicos e privados implicados no sector económico que corresponda (termalismo, gastronomía, comercio...) converten a estas citas no escenario axeitado para recoñecer públicamente a aposta pola innovación, a calidade e o emprendemento dos empresarios, traballadores e futuros profesionais. Deste xeito, Expourense creou no 2014 os “Premios Xantar Internacional” que recoñeceron a aquelas en-



■ Numerosos axentes sociais apoiaron a Expourense na presentación da súa Memoria de Actividades 2014.

tidades e empresas que fixeron unha firme aposta por este salón presentando produtos novos ou desenvolvendo múltiples accións promocionais. Na mesma liña, foron entregados durante Funergal os “Premios Internacionais 2014. Durante o pasado ano tamén se celebrou a segunda edición dos Premios á Comunicación Innovadora de Galicia, enmarcados dentro do Foro da Comunicación e que xurdiron co obxectivo de recoñecer publicamente iniciativas profesionais e empresariais que tiveran destacado por revalorizar o campo da comunicación. Celebrouse ademais a IV edición dos Premios Líderes en Calidade, outorgados a catro empresas galegas que destacaron como base da súa actividade a capacidade de adaptación ó novo contexto empresarial xurdido da coxuntura económica actual. Ademais, a innovación estivo presente de xeito transversal no calendario feiral con actividades como a IX Xornada de Divulgación das Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética na que participaron os gurús mundiais e na que deron as claves para conseguir cumprir a normativa europea que determina que

no ano 2020 os edificios deberán autoabastecerse enerxéticamente chegando case ó consumo cero de enerxía (Nearly Zero Energy Buildings, NZEB). A aposta pola innovación quedou reflectida ademais en actividades como o Concurso de Proxectos Tecnolóxicos, que celebrou a XIV edición, e que ten o obxectivo de vencellar a investigación realizada na Universidade co tecido empresarial galego.

Promoción internacional

No referente á actividade feiral de Expoureense é preciso apuntar a promoción que dos distintos salóns, e dos sectores vencellados a eles, se realizou durante todo o ano nunha vintena de exposicións que tiveron lugar noutros puntos de Galicia, España, Euroasia e América Latina. Ademais, a través do stand da Axencia Galega de Turismo, Xantar e Termatalia estiveron presentes nas principais feiras internacionais vencelladas ó turismo (FITUR Madrid, Les Thermalies París, ITB Berlín, entre outras) e nos foros profesionais máis importantes dos correspondentes sectores, proxectando

polo tanto a “marca Galicia”. Deste xeito, Termatalia Arxentina foi presentada, no Congreso Anual da Asociación Europea de Balnearios (ESPA) celebrado en Dinamarca, no Congreso da Asociación Latinoamericana de Spa en México, no Congreso da Asociación de Industrias de Aguas Minerais de Brasil, no Encontro de Cooperación Empresarial e Institucional en Costa Rica, no I Simposio Internacional de Termalismo de Colombia, no Seminario de Termalismo da APTAE celebrado na capital de Perú, entre outros moitos. Pola súa parte, Funergal e o tecido empresarial galego especializado neste sector, foron promocionados nas principais feiras internacionais do sector funerario como foi o caso de Tanexpo en Bolonia (Italia) e Expofuneraria de México. Outras citas como Xantar contribuíron a reforzar as relacións de cooperación transfronteiriza con entidades do Norte de Portugal a través da presenza en eventos como os organizados por Ponte de Lima e nas distintas campañas turísticas da Entidade de Turismo Porto e Norte. Para realizar este labor á internacionalización, Expoureense conta na actualidade

cunha rede integrada por 19 delegacións que operan en 24 países de catro continentes e a través das cales está presente nas principais feiras e congresos profesionais do mundo, principalmente dos vencellados ó sector termal.

Formación

0 ano pasado, Expoureense fixo un importante esforzo en promover, organizar e acoller xornadas, cursos e seminarios de formación ou actualización profesional. Nas diversas convocatorias, ben complementando ás feiras ou de xeito individual, participaron máis de 350 relatores nacionais e internacionais. Foron seguidas por máis de 10.000 asistentes. De xeito transversal a todos os certames, impartíronse conferencias de formación en prevención de riscos e saúde laboral nos distintos sectores.

Eventos

As instalacións de Expourense foron o escenario elixido para a celebración dunha vintena de eventos de organización allea. Entre os que contaron con maior seguemento por parte do público, destacaron a I

Feira de Antigüidades de Ourense, o XIX Derrame Rock, os concertos de Nancy Rubias e Fangoria e o 47º Rallye de Ourense. Estas citas indican que outras empresas confían nas infraestruturas e soporte de Expourense para organizar os seus eventos. Expourense forma parte do Padroado do Parque Infantil de Tráfico que organiza o Circuito de Educación Viaria, polo que pasaron milleiros de escolares. Na área deportiva, ademáis de Megaxove, a Fundación promove actividades como o Festival Internacional de Xadrez “Cidade de Ourense” que conta coa participación de 300 xogadores, e representa un dos principais patrocinadores do Rallye de Ourense que atrae a milleiros de visitantes. Expourense ten ademáis como obxectivos a promoción de actividades e accións sociais e educativas, que se reflicten na colaboración con asociacións e organizacións que traballan a prol da sociedade, dende os máis diversos ámbitos. Expourense colabora activamente con entidades como o Banco de Alimentos de Ourense, a Fundación Amigos de Galicia, Alcer, Asociación Diabética Auria, etc.



VI SALÓN DO VIÑO E LICORES GALEGOS DE CALIDADE

25 E 26 DE MAIO DE 2015

OURENSE



Novas oportunidades de negocio para as adegas galegas desde o propio territorio

Acción especial para pequenos produtores e colleiteiros. Consulte condicións

www.vinisterrae.es / info@vinisterrae.es

Países confirmados:
 Alemaña, Australia, Bélxica, Brasil, Canadá, Dinamarca, España, Estados Unidos, Holanda, Irlanda, México, Polonia, Reino Unido e Suecia.



ORGANIZA:  

CO APOIO DE:   

PROXECTO COFINANCIADO:   

COLABORAN:                  

Novas da Raia

Maio cultural e gastronómico guardés

O Concello da Guarda presentou as actividades enmarcadas dentro do “Maio Gastronómico e Cultural 2015”. No acto, no que estiveron presentes o alcalde do municipio, José Manuel Domínguez Freitas, a Concelleira de Turismo, Monsterrat Magallanes e o Concelleiro de Cultura, Antonio Lomba, apostouse de novo por esta campaña na que se mesturan os actos culturais coa gastronomía.

A GUARDA

Unha das promocións máis atractivas para o público é o reparto de “bonos desconto do 10%” para utilizar nos 20 restaurantes que participan nesta campaña. Estes descontos poderán utilizarse só nas facturas de mesa e para servizos de carta, polo tanto non se realizarán descontos nas tarifas menús ou para facturas que inclúan só servizos de barra. Os bonos non serán acumulables a outras ofertas e promocións.

A distribución e entrega dos bonos realizarase ás persoas que acudan durante o mes de maio ó Museo do Mar, ó Monte Santa Trega e ás Oficinas de Turismo Municipais.

O Concello da Guarda para promover esta actividade editará carteis anunciadoras, lonas promocionais e contratará cuñas publicitarias na radio.

Ademais desta promoción que se desenvolver durante todo o mes, en maio están programadas moi-

tas máis actividades. Así, por exemplo, haberá un encontro de bandas musicais infantís, un

torneo de xadrez ou obradoiros de cociña para nenos e un “showcooking” na Praza de

Abastos, para os adultos. Durante estas datas continuarán tamén as barriofrencias e se conmemorará o Día Das Letras Galegas, co desfile o sábado día 16, e coa “Feria do Libro” o propio domingo 17 de maio.

O sábado día 16 celebrarase o Día Internacional dos Museos con actividades conmemorativas moi interesantes, tanto no museo de Santa Trega coma no do Mar, e no Castelo de Santa Cruz.

Dende o Concello, esperan que esta programación anime os veciños e veciñas a participar nas actividades da súa vila e a probar os manxares que ofrece o municipio da Guarda. Tamén confían en que os descontos e o cartel tan variado de eventos, axude a que moitos visitantes veñan a Guarda a gozar cultural e gastronOMICAMENTE.



Augas de Galicia acometerá a ampliación da Estación de Bombeo de Areas en Tui

TUI

Augas de Galicia vai acometer a ampliación da Estación de Bombeo de Areas, en Tui. Así o contempla o convenio asinado entre Augas de Galicia, o Consorcio do Louro, a Confederación Hidrográfica Miño-Sil e o Concello de Tui.

Coa ampliación da Estación de Bombeo de Augas Residuais de Areas, que da servizo aos núcleos de Areas, Randufe, Pexegueiro, Malvas e ao Parque Empresarial de Areas, solucionarase o deficiente estado deste bombeo e a súa escasa capacidade, permitindo así o envío das augas vertidas ao aliviadeiro do mesmo á EDAR de Guillarei.

A empresa Abaldo C.Gral de Construcción S.A. resultou adjudicataria das obras por un importe de 455.286,70€ e un

prazo de execución de seis meses. Está previsto que comecen na primeira quincena do mes de maio. Unha vez rematadas as obras corresponderá

ao Consorcio do Louro a xestión, explotación, mantemento e conservación das obras. O financiamento se realizará con cargo ao Fondo Europeo de

Desenvolvemento Rexional, FEDER, dentro do Programa Operativo Galicia 2007-2013, e cos fondos nacionais precisos para cofinanciar este fondo

estrutural. Deste xeito a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil aportará o 80% do investimento e Augas de Galicia o 20% restante.



Novas da Raia

Aberto o prazo de inscrición para participar no programa “Benestar en balnearios 2015”

A GUARDA

O Departamento de Servizos Sociais do Concello da Guarda informa que está aberto o prazo para participar no Programa “Benestar en Balnearios 2015”, da Xunta de Galicia ata o próximo 14 de maio de 2015.

Os requisitos necesarios son:

- Ser maior de 65 anos, ou de 55 e reunir a condición de pensionista do Sistema da Seguridade Social, polos conceptos de xubilación, invalidez, viuvez ou outras pensións.
- Estar empadroado e residir nalgún concello da comunidade autónoma de Galicia.
- Valerse por si mesmo para as actividades da vida diaria e estar en condición de participar no programa, agás no caso de fillos/as ou persoas tuteladas que acudan en calidade de acompañantes.
- Non padecer enfermidade infecto-contaxiosa, en fase

activa, nin trastornos mentais ou condutuais non compensados que poidan alterar a normal convivencia durante o transcurso da quenda.

- Carecer de contraindicación médica para a recepción dos tratamentos termiais.

A persoa solicitante poderá ir acompañada do seu o da súa cónxuxe ou persoa con análoga relación de convivencia, sempre que cumpra os requisitos citados anteriormente, excepto o sinalado na letra “a”. Tamén poderán participar os/as fillos/as ou persoas tuteladas polas persoas solicitantes que teñan un grao de discapacidade igual ou superior ao 33% sempre e cando podan facer sen necesidade de apoio de terceiras persoas e se poidan desprazar con autonomía, compartan o cuarto coas persoas proxenitoras e cumpran os requisitos citados anteriormente, excepto o da letra “a”.

A barrioferencia sobre a historia de “O Convento das Beneditinas” atrae a decenas de veciños

A GUARDA

A segunda “Barrioferencia” adicada á historia de “O Convento das Beneditinas” volveu a ser un éxito de asistencia. Decenas de veciños e veciñas da Guarda acudiron o pasado sábado ó restaurante “Os Remos” para coñecer, da man do profesor e historiador Joaquín Miguel Villa Álvarez, o modo de vida das relixiosas que habitaron o convento e as diferentes fases polas que pasou este emblemático edificio.

O encargado de presentar o acto foi Sr. Antonio Lomba, Concelleiro de Cultura. Lomba agradeceu a presenza a tódolos veciños e veciñas da localidade e deu paso ó Doutor en Historia, Villa Álvarez.

O historiador comezou explicando a vida nos mosteiros de diferentes ordes para finalmente centrarse en como foi a fundación do Convento das Beneditinas. Villa explicou que foron os irmáns Ozores de Sotomayor, os que levantaron este convento que levou o nome de “Monasterio de la Transfiguración del Señor”. Precisando a historia por séculos -o convento levantouse no XVI-, Villa foi describindo os cambios que sufriu o convento, a dureza da vida monacal, as penurias económicas e as reformas



do edificio ó longo da historia. A finais do século XIX, cntou, as Benedictinas foron expulsadas do convento e trasladáronse ó Convento de las Dominicas en Baiona.

Durante eses anos, explicou o profesor ó público presente, o Concello acondicionou o edificio para facer tanto unha escola masculina como feminina. Máis tarde a diocese intentou recuperar o convento, que xa era de titulación municipal. Neste punto o Concello permutou coa Igrexa o convento por uns edificios que na actualidade se coñecen por ser o antigo colexio “Sinde”.

As relixiosas habitaron o edificio durante varios anos máis, pero continuaron a ter unha vida moi dura. A medida que as edificación foron crescendo, as monxas comezaron a atoparse incómo-

das pola súa vida de clausura, e decidiron abandonar este convento e trasladarse ó de Trasmañó, en Redondela.

Villa terminou a conferencia falando da venda do edificio no ano 1983. Despois unha familia de A Guarda comprou o antigo convento, e no ano 1991 o converteu nun hotel. Dous anos máis tarde se abriu o restaurante, “Os Remos”, lugar no que o sábado, uns cincuenta guardeses sentáronse a escoitar a historia deste emblemático e histórico edificio.

A próxima cita coas “Barrioferencias” será o sábado 9 de maio. Nesta data Antonio Rodríguez Portela e Manuel Ángel Álvarez, serán os encargados de mostrar a historia de “O Coto de Camposancos”, no local da Sociedade “Los Amigos de Camposancos”.



SOLICITUDE DE INGRESO Á ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DA GUARDA

RESERVA DE PRAZA: DO 1 AO 15 DE MAIO DE 2015

SOLICITUDES DE NOVO INGRESO: 16 AO 31 DE MAIO DE 2015

LUGAR DE PRESENTACIÓN: SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DA GUARDA

HORARIO: 09:00h - 13:00h



CONCELLO
A GUARDA
(PONTEVEDRA)

Festas temáticas no bar Vide

Por: Jesús Losada

GUÍA GASTRONÓMICA



■ Imaxe da festa italiana celebrada recentemente.

O bar Vide reabriu as súas portas con nova xerencia o día 9 de febreiro de 2013. Xa fai dous anos que este establecemento se converteu nun lugar de encontro para os veciños e veciñas do Couto, rodeándose dun ambiente agradable e familiar. Situado na rúa Murillo 25, o bar Vide ofrece deliciosas tapas e petiscos para degustar xunto cos mellores viños de tódalas gamas. O Vide ofrece dende viños da casa (ribeiro branco e mencia), ata outros máis destacados e

coidadosamente elaborados dentro da tradición familiar, como pode ser o Treboada Selección (100% treixadura do Ribeiro), Terra de Lendas (100% albariño da comarca do Condado do Tea) e Orixes (mencia da Ribeira Sacra). O establecemento, que rexenta Jackeline E. Fernández Macías, conta con dous grandes cocineiros, Suso e Amparo, que aportan o toque de calidade e familiaridade do local. Por elo, grazas a esta combinación de calidade e especialidade culi-

naria, o bar Vide foi galardoado nos dous últimos anos co primeiro premio no concurso de pinchos do Couto, organizado pola asociación Couto Centro. Deste xeito, cada día pódese degustar no Vide un petisco diferente e

cariñosamente elaborado, destacando, entre outros, "os callos" que se ofrecen tódolos domingos como especialidade da

casa. O resto da semana pódense degustar, entre moitas viandas, especialidades máis tradicionais como fabada caseña, fideuá e pimientos recheos; así como outras tapas máis innovadoras como mini-burguer, flamenquín e tosta de polo escabechado. Cabe destacar tamén, que no bar realízanse ao longo do ano e en diferentes épocas, diversas festas temáticas que proporcionan un ambiente máis festivo no barrio. Un exemplo destas celebracións son a Festa Italiana, a Feira de Abril, a Festa Mexicana e a Festa Asturiana, entre outras. Estas festas gastro-culturais, nas cales se poden degustar os manxares propios de cada unha das rexións mencionadas, están acompañados da música típica deses lugares. Así pois, o bar Vide é un enclave ideal para desfrutar dun rato de ocio con amigos e familiares, así como un punto de encontro veciñal no barrio. Todo elo acompañado de bos caldos da terra e manxares exquisitos, trato agradable e ambiente familiar.



■ Jackeline E. Fernández Macías rexenta o bar Vide.

